Anos 2011 e 2012 · nº 10



# Coral De Ruada

DEPUTACIÓN OURENSE





## 70 Aniversario do pasamento de Xabier Prado "Lameiro"

*Suplemento*

**Homenaxes a Xabier Prado e edición da súa obra**

# Revista
# Coral De Ruada

*número 10 · ano 2011 e 2012*


**Coordinadores:**
Emilio Rodríguez Portabales
Álvaro Iglesias Montes

**Colaboradores:**
Manuel Blanco Luis
José Ramón Estévez Gómez
Fernando Fernández Almuiña
Xosé F. Fernández Naval
Ana María López Fernández
Antonio Piñeiro Feijóo
Eladio Quevedo Almoina
Emilio Rodríguez Portabales *"Teixugo"*
Xaquín Vales Rodríguez *"Xocas"*
Xoán Antón Vázquez Casas

**Fotografías:**
Cancedo
Cástor e Félix Castro Vicente
Coral De Ruada
Eva Domínguez
Godás de Arriba
Xerardo Gómez Gómez *"Chaparro"*
Francisco González Gamallo
Maribel Longueira
Mani Moretón
J. Pacheco *(Ourense)*
Pacheco *(Vigo)*
Miguel Ángel Picho
Roque Quintana Varela *(rqv)*
Emilio Rodríguez Portabales *(erp)*
Merce L. Rubín
Carmen Sáez
Ernesto Schreck
Xaquín Vales Rodríguez
Susa Varela García *(svg)*
Villar

**Fotografías da portada**
2011: Fotografía da Coral De Ruada na ribeira do Miño (Mani Moretón);
1930: Fotografía da Coral De Ruada no Concello da Coruña (Cancedo)
1928 (¿?): Fotografía de Xabier Prado "Lameiro" (J. Pacheco)

**Recensións:**
Faro de Vigo (Ourense),
La Región,
Vida (La Región),
La Voz de Ourense-La Voz de Galicia

**Enderezo:**
Rúa da Paz, 9. 32005 Ourense

**Páxina web:**
www.coralderuada.com

**E-mail:**
info@coralderuada.com

**Depósito legal:**
OU-168/2004


## Sumario


3 A xeito de limiar *(José Manuel Baltar Blanco)*

4 Saúdo do Presidente da Coral De Ruada *(Eladio Quevedo Almoina)*

5 Colaboracións:A Coral De Ruada e Nós *(Francisco X. Fernández Naval)*

9 Premio Xabier Prado "Lameiro" *(aim/erp/Antonio Piñeiro/CDR)*

22 Visitas: Treixadura e Xosé Manuel Piñeiro *(erp/CDR)*

25 Discografía propia (VIII) *(Emilio Rodríguez Portabales)*

28 Análise musical: Coral De Ruada *(José Ramón Estévez Gómez/X.A. Vázquez Casas)*

33 In memorian *(erp/Eladio Quevedo Almoina/CDR)*

38 Recanto Literario: In principio erat aqua… *(Manuel Blanco Luis)*

39 De Coña: Humor gráfico *(Almuiña);* Soneto, con estrambote, do reparto de aloxamentos *(Teixugo)*

41 Galería de retratos vivos: Xerardo Gómez Gómez "Chaparro" *(Ana María López Fernández)*

50 Actividades da Coral De Ruada: Anos 2010 e 2011 *(aim/erp/CDR)*

75 A Xunta de Goberno informa *(cjhm/erp/CDR)*

*Suplemento nº 6:*
Homenaxes a Xabier Prado e edición da súa obra *(Xaquín Vales)*


*A opinión dos colaboradores non ten por qué coincidir necesariamente coa da Xunta de Goberno da Coral De Ruada.*

DEPUTACIÓN OURENSE



# A xeito de limiar

É un verdadeiro pracer presentar un novo número da revista "Coral De Ruada", neste caso dobre, no que nos achegan a traxectoria desta formación nos dous últimos anos.

A Coral De Ruada, dende o seu nacemento no ano 1918, gravou numerosas cantigas e discos, en solitario e na compaña doutros grupos corais e instrumentais, pero ademais, cómpre destacar que se dedica tamén a estudar e rescatar as tradicións, actuando como documentalista e conservadora do patrimonio, recibindo numerosos galardóns e recoñecementos. Neste último ano foi recoñecida coa medalla "Castelao" outorgada pola Xunta de Galicia.

Dende a Deputación de Ourense apoiamos aquelas iniciativas que contribúen a reforzar o noso patrimonio e fortalecen o compromiso pola conservación da tradición e da cultura a través da excelencia artística e musical desta embaixadora da Ourensanía.

Saúdos e parabéns para este colectivo que dende sempre engrandece a provincia de Ourense.

***José Manuel Baltar Blanco***
*Presidente da Deputación de Ourense*

DEPUTACIÓN OURENSE

# Saúdo do Presidente

Queridos Amigos:



Preséntolles un novo exemplar da nosa revista, que, por xentileza da *Deputación Provincial de Ourense*, chegará aos nosos queridos Amigos, institucións culturais, bibliotecas, centros galegos, etc. Nesta ocasión o numero é dobre -abrangue os anos 2010 e 2011- co obxecto de poñérmonos ao día, xa que estabamos a acumular, por razóns de distinto tipo, varios meses de retraso.

Comezarei facendo un pequeno percorrido polo aspectos máis destacables das moitas actividades que, a pesar desta terrible crise, a Coral De Ruada foi quen de levar a cabo dende a publicación da revista anterior:

No ano 2010 puxemos en marcha o Premio Xabier Prado "Lameiro", concedéndollo, nesa primeira edición, ao Real Coro Toxos e Froles de Ferrol e no ano 2011 ao colectivo "Castro Floxo" de Ourense; participamos nos actos fundacionais do "Día de Nós"; organizamos un Festival a beneficio de Cáritas; participamos nos actos de inauguración do curso da UNED en Ourense; etc.

Como sempre, ofrecemos concertos por toda a xeografía galega: Cambeo, Vilanova dos Infantes, A Coruña, Lugo, San Miguel do Campo, Xinzo de Limia, Ourense ... Realizamos a peregrinación a Santiago co gallo do Ano Santo, cantado a Misa do Peregrino e o "Canto das Chirimías" acompañados dos excelentes músicos **Luciano Pérez** e **Nuria Serrano** (organistrum), **Manuel Brañas** e **Félix Castro** (chirimías), **Pancho Álvarez** e **Jesús Pérez Saburido** (zanfonas), **Cástor Castro** (frauta de madeira) e **Victoria Folgado** (fagot). Ademais participamos en varios programas da Televisión de Galicia (Luar especial conmemorativo dos 800 programas, programa especial co gallo do Día de Galicia, programa especial emitido na noiteboa de 2011 "Isto si que é muiñada")…

Por outra banda, organizamos, coa colaboración da Concellería de Cultura, Festas e Festival do Cine do Concello de Ourense, o <<V Certame Internacional de Coros "De Ruada">> durante as Festas do Corpus 2011, que contou cos coros *Cántigas da Terra* da Coruña, *Real Coro Toxos e Froles* de Ferrol*, Coro da Cidade de Vila Real* de Vila Real (Portugal) e *Coral Polifónica Estradense* da Estrada (Pontevedra).

Por suposto, ofrecemos os tradicionais concertos de Nadal e Reis na Catedral de Ourense e na Igrexa de Santiago das Caldas, no barrio da Ponte, e tamén acudimos a Oseira para celebrar a Misa e Romaría dos Amigos.

Ao longo deste tempo, desgraciadamente, tamén recibimos tristes noticias, xa que nos deixaron persoas moi prezadas na Coral: **María Teresa Rodríguez "Maite"**, excoralista e presidenta do Lar Gallego de Sevilla; **Xosé Luís de Dios**, pintor, excoralista e irmán do noso exdirector Manuel De Dios; **Fermín Zubiri Enériz**, exdirector do noso coro infantil; os excoralistas **Juan Antonio Rodríguez González "Tucho Soutullo"**, **José Rodríguez Freijedo "Sina"**, **Eduardo Vázquez Santás "Lali"**, **Alfonso González Fariñas "Cali"**; o exdirectivo **José Atanasio Armesto Prieto**. De todos eles, así como doutros Amigos da Coral, poderán ver unha especial lembranza na sección "In Memoriam" desta revista.

Como sempre, teño que agradecer o traballo e dedicación do director, **Xoán Antón Vázquez Casas**, do subdirector, **Álvaro Iglesias Montes**, e de tódolos coralistas, homes e mulleres. Sen este traballo non sería posible levar adiante todas estas actividades.

Unha vez máis, grazas ós nosos fieis **Amigos** e ás institucións públicas (*Deputación Provincial de Ourense, Concello de Ourense, Consellería de Cultura, Xerencia do Teatro Principal, Cabido da Catedral,* etc.) que nos apoiaron durante os anos 2010 e 2011, agardando que o sigan a facer no sucesivo.

Unha forte aperta para todos vostedes.

***Eladio Quevedo Almoina***
*Presidente da Coral De Ruada*

DEPUTACIÓN OURENSE

Francisco X. Fernández Naval[1]
Escritor

# A Coral de Ruada e Nós



"Chisco" Fernández Naval
Foto: Maribel Longueira

Penso que descubrín a Coral De Ruada no ano 1975, nun mes de verán, probablemente de xuño, coincidindo coas festas do Corpus, nun concerto que esta deu no Teatro Losada. Lembro saír aquel día do local vibrando por dentro, posuído dun entusiasmo e dunha emoción que se repetiría algunhas outras veces, sempre ao escoitar música coral. Falo de algo que me estremece, que me asombra e fai sentir partícipe dunha comunidade da que formo parte e que me acolle.

Teñen a corais unha forza que nos conmove intimamente, que fai aflorar en nós a conciencia de irmandade, de pertenza a unha colectividade, que nos alegra o corazón e que esperta no noso interior a sensación do compartido en plenitude.

A partir dese día, e por moito tempo, a Coral pasou a ser parte de min, algo moi próximo e familiar. Con ela vivín algúns momentos que forman parte do máis feliz da miña memoria. Falo das romarías da Virxe do Viso, cando aínda vivían Xaquín Lourenzo e Anxo Martínez, coa Coral interpretando ese *Alalá de Lobeira*, esa cantiga que ten algo de ancestral e telúrico, que soa coma un eco intemporal, unha espiral da terra que nos penetra e proxecta no tempo. Daquela, par-



Concerto da Coral De Ruada no Teatro Losada no ano 1975
Foto: arquivo da CDR

DEPUTACIÓN OURENSE

1 *Francisco Xosé Fernández Naval naceu en Ourense no ano 1956 e, dende 1982, reside na Coruña. É Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación. Ten publicado varias obras de pooesía: A fonte abagañada (Premio Cidade de Ourense de 1980), Pabellón habitado, Ara Solis, Días de cera, Mar de Lira, Miño (Premio Cidade de Ourense de 2007), Bater de sombras (Premio Fiz Vergara Vilariño de 2010), Suite Dublin e outros poemas. Tamén é autor narrativo: O bosque das antas (Premio Xerais de novela de 1988), Tempo de crepúsculo, Sombras no labirinto, Sete noites e un amencer, Unha cita co aire, Para seguir bailando… Ademais ten publicado obras de ensaio, literatura xuvenil, guías e libros de viaxes, traducións, teatro, guións de televisión, etc.*



Participación da Coral De Ruada na Romaría do Viso no ano 1983
Foto: arquivo da CDR

DEPUTACIÓN OURENSE

ticipei tamén no encontro que os da Ruada mantiñan cada ano cos seus amigos en Oseira, asistín aos concertos de Nadal na catedral e, sobre todo, gocei de moitas noites no Amador de Cudeiro, acollido e convidado a cantar por algún dos seus membros que ata alí se achegaban a cear.

Nese tempo as cintas da Coral andaban por aquel meu primeiro coche, un SEAT 127 branco, de segunda man, ao que as amigas bautizaran Guille, nome do irmán de Mafalda, o personaxe de Quino, obrigada lectura daqueles días. Entón aprendín de memoria case todo o repertorio e del tirabamos nas ceas, xantares, romarías.

Meu pai era de Allariz, miña nai é de Oira, e a min sempre me emocionou que a Coral tivese unha cantiga para cada lugar: *Se vas a Allariz, polo Cumial*… cantaba meu pai, lembrando que, cando mozo, os domingos ía xantar á casa da nai, facendo a pé o percorrido da cantiga. *Festa festiña de Oira, festa do santo Amariño*… é a canción invocada en cada xuntanza familiar e cada 15 de xaneiro, celebración anual do santo que deu lugar a ese romance tan divertido de Valentín Lamas Carvajal titulado *Devoción... por* comenencia.

Marchei de Ourense, pasaron os anos e na Coruña reencontreime coa Coral. Cada outono, Cántigas da Terra, fundada en 1916, convoca o ciclo de Corais Históricas, invitando a participar as outras corais que gozan dese rango: Toxos e Froles, fundada en 1914 e decana das corais do país; Cantigas e Agarimos que nace en 1921, e a nosa Coral de Ruada que cumprirá un século en 2018. As catro, aínda que cada unha ao seu xeito, transmiten esa sensación de plenitude da que falaba antes e agasallan a emoción do canto compartido. Cantan con alegría e con orgullo. A palabra orgullo ten a súa orixe nunha xermánica *urguol*, que significa insigne e excelente. Sei que orgullo ten hoxe dúas acepcións ou dous significados, un negativo, aquel que ten que ver co sentimento de superioridade e a altiveza, pero non é ese o que invoco e ao que me refiro, non é ese o que sentimos escoitando os coros, eu falo dese sentimento nobre referido a nós mesmos, estar contentos do que somos e comprender o valor do que nos

define, compartindo o noso orgullo de ser co orgullo de ser dos outros. Si, os membros das nosas corais históricas cantan con orgullo e eu síntome orgulloso deles, como me sinto orgulloso de nós.

Emoción, plenitude, irmandade, orgullo no sentido positivo, se cadra xa todo iso pretendía transmitirnos Rosalía de Castro no penúltimo poema do seu libro **Cantares gallegos**, titulado *Alborada* e ao que pertencen estes versos que convén recitar como cantando, sabendo, ademais, que en 2013 cúmprense 150 anos da publicación do libro**:**

*Branca auro-*
*ra- ven chegan-*
*do, - i ás porti-*
*ñas- vai chaman-*
*do- dos que dor-*
*men- esperan-*
*do - ¡o teu folgor...!*

*Cor...*
*de alba hermosa*
*lles estende*
*nos vidriños*
*cariñosa,*
*donde o sol*
*tamén suspende,*
*cando aló*
*no mar se tende,*
*de fogax*
*larada viva,*
*dempóis leve,*
*fuxitiva,*
*triste, vago*
*resprandor.*

*Cantor*
*dos aires*
*paxariño alegre,*
*canta,*
*canta porque o millo medre;*
*cantor*
*da aurora,*
*alegre namorado,*
*ás meniñas dille*
*que xa sal o sol dourado;*
*que o gaiteiro*
*ben lavado,*
*ben vestido,*
*ben peitado,*
*da gaitiña*
*acompañado*
*¡á porta está...!*
*¡Xa...!*

*Se espricando*
*que te esprica,*
*repinica,*
*repinica*
*na alborada*
*ben amada*
*das meniñas*
*cantadeiras,*
*bailadoras,*
*rebuldeiras;*
*das velliñas*
*alegriñas;*
*das que saben*
*ben ruar.*

*¡Arriba*
*todas, rapaciñas do lugar,*
*que o sol*
*i a aurora xa vos vén a dispertar!*
*¡Arriba!*
*¡Arriba, toleirona mocidad,*
*que atru-*
*xaremos –cantaremos o ala... lá... !!!*

DEPUTACIÓN OURENSE



Romaría dos Amigos da Coral De Ruada en Oseira no ano 1978
Foto: arquivo da CDR

DEPUTACIÓN OURENSE

Cando me reencontrei de novo coa Coral De Ruada no teatro Rosalía de Castro da Coruña, cando a escoitei cantar *a festa festiña de Oira* e o *se vas a Allariz*, foi tanta a emoción que sentín, que non puiden evitar as bágoas. Serían bágoas dunha certa saudade polo tempo pasado e polas perdas, pero tamén cálidas pola certeza do vivido e, sobre todo, do compartido.

Na miña última novela titulada *Noite branca*, pendente de publicación cando escribo este artigo, hai unha referencia histórica á Coral e a rivalidade que mantiña con outro coro, Os Enxebres da Troia, nos días nos que a Ponte Canedo aínda era concello de seu.

Si, a Coral De Ruada forma parte do máis fondo e íntimo de nós porque non só foi elemento principal da nosa educación sentimental, senón que, ademais, por ela moitos nos incorporamos a ese NÓS do que formamos parte.



Actuación da Coral de Ruada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña no ano 2010
Foto: rqv/erp

# Premio Xabier Prado "Lameiro"



Busto en bronce de Xabier Prado "Lameiro", de Asorey, propiedade da Coral De Ruada
Foto: erp

En xuño de 2009 a Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario" concedeu a Medalla de Ouro "Marcial del Adalid", na súa categoría de Ouro, á CORAL DE RUADA. Sumábase a outros moitos galardóns e recoñecementos, entre os que destacan: a Placa de Ouro do "Centro Gallego de Buenos Aires" (1931), a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense (1984), o Pedrón de Ouro (1990), a Medalla de Galicia -na súa categoría de Bronce- (1992), a Medalla de Ouro da cidade de Ourense (1994), o Premio "Manuel Lorenzo" -do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol- (2002), a Medalla "Gaiteiro de Soutelo" (2007)…

Chegaba o momento, a xuízo da Xunta de Goberno, de que unha agrupación cultural senlleira como a CORAL DE RUADA, tan galardoada e case centenaria, fose quen de instituír un premio que recoñecese os méritos doutras persoas ou agrupacións. Era simplemente unha idea inicial que axexaba nas nosas cabezas, un bosquexo apenas que saía a relucir nalgunhas reunións como unha posibilidade a ter en conta.

Un bo día chegou á Xunta de Goberno unha carta, asinada polo coralista do grupo instrumental, Xosé Antón Laxe Martiñán, coa solicitude de que se considerase a posibilidade de que a CORAL DE RUADA instituíse un premio co nome dun dos fundadores, Xabier Prado "Lameiro". Tratábase dunha proposta moi detallada, xa que contiña un borrador de bases, data de concesión, etc. A Xunta de Goberno considerou que esta proposta viña a concretar a idea que xa se viña considerando e, con moi leves retoques nas súas bases, decidiu poñela en marcha.

Como queira que coñecemos aos dous netos de Xabier Prado "Lameiro" -Xabier e Mariló, grandes amigos da CORAL-, consultóuselles o tema e mostraron a súa conformidade e brindaron a súa colaboración desinteresada.

O día 19 de maio de 2010 presentouse o Premio Xabier Prado "Lameiro" nunha roda de prensa, ofrecida no teatro Principal, en ausencia do presidente da CORAL Eladio Quevedo Almoina por motivos persoais, polos vicepresidentes primeiro e segundo,

DEPUTACIÓN OURENSE

Emilio Rodríguez Portabales e Samuel Lago Fernández, respectivamente, sendo acompañados por Xabier Prado Méndez, neto de Xabier Prado "Lameiro" e pola concelleira de Cultura, Festas e Festival de Cine do Concello de Ourense, Isabel Pérez González. Esta convocatoria tivo, como se pode ver nas ilustracións que se acompañan, unha ampla acollida na prensa local.

As bases da primeira edición (2010) do Premio Xabier Prado "Lameiro" foron as que se mostran a continuación. Na convocatoria de 2011 rexeron as mesmas bases, agás pequenas modificacións relativas a prazos e datas.




Presentación do Premio Xabier Prado "Lameiro"
Foto: Gerardo Gómez Gómez

DEPUTACIÓN
OURENSE

## BASES

1. A Coral De Ruada organiza e patrocina o Premio **Xabier Prado "Lameiro"**, de periodicidade anual, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense e do Teatro Principal.
2. Con este premio preténdese premiar, de xeito simbólico, o labor desinteresado daquelas persoas ou colectivos que destaquen polo seu compromiso coa cultura de Galicia de expresión en idioma galego e de carácter popular, fundamentalmente no eido do folclore e, máis concretamente, na música popular e polifónica galegas.
3. O Premio **Xabier Prado "Lameiro"**, de periodicidade anual, terá carácter de recoñecemento público e, polo tanto, materializarase nun elemento simbólico entregado á persoa ou colectivo premiado. Non leva engadido, por tanto, ningún beneficio económico. O premio consistirá nunha peza artística elaborada por un creador ou creadora de Galicia.
4. Calquera persoa -coralista ou non-, entidade ou colectivo poderá facer chegar á Xunta de Goberno da Coral De Ruada, mediante correo electrónico *(info@coralderuada.com)* ou correo ordinario *(Coral De Ruada; Rúa da Paz, 9; 32005 Ourense)*, propostas de candidaturas para cada edición do premio, xuntando, con cada unha, memoria na que se detallen os méritos da persoa ou colectivo que se propoñen como candidatos ao Premio. A Xunta de Goberno da Coral De Ruada comprométese a facerlles chegar aos membros do xurado elixido cada ano toda a documentación recibida.
5. O prazo para a recepción de solicitudes abrangue dende o 1 de marzo até o 15 de xuño, ámbolos dous inclusive.
6. O acto de entrega do premio, que se anunciará do modo máis axeitado, farase preferentemente arredor do 5 de outubro de cada ano -aniversario da reunión fundacional do Coro De Ruada que tivo lugar na "Villa Joaquina" da avenida de Zamora, na capital ourensá- e como homenaxe aos seus fundadores na figura de **Xabier Prado "Lameiro"**.
7. Serán os membros do xurado, seleccionado para cada convocatoria pola Xunta de Goberno da Coral De Ruada, os encargados de propoñeren e votaren as candidaturas e decidiren con total soberanía a persoa, entidade ou colectivo merecente do galardón.
8. O xurado estará constituído do xeito seguinte: o presidente nato, cargo que será desempeñado por Xabier Prado Méndez -neto de **Xabier Prado "Lameiro"**- ou persoa na que delegue, un secretario, con voz e sen voto, designado pola Xunta de Goberno da Coral De Ruada de entre os seus membros, e catro vogais designados pola Xunta de Goberno da Coral De Ruada.
9. A Xunta de Goberno da Coral De Ruada, que actuará como organizadora deste Premio, comprométese a respectar e cumprir as decisións do xurado.
10. As bases do premio publicaranse nun apartado específico da páxina web da Coral De Ruada (*www.coralderuada.com*).

# I Premio Xabier Prado "Lameiro" 2010

O día 17 de setembro foi o día elixido para o acto de entrega do Premio Xabier Prado "Lameiro" na súa primeira edición. Pero pareceunos oportuno iniciar a xornada homenaxeando ao noso cofundador, polo que, pola mañá, ás 12 horas, a Coral De Ruada fixo unha ofrenda floral no monumento a Xabier Prado "Lameiro" no xardín do Posío, descubríndose, ademais, unha placa de bronce cunha inscrición idéntica á que ten gravada en pedra, pero que apenas se pode ler. O texto di:

Orense y la Coral De Ruada a
Javier Prado Lameiro
1874 1942

O vicepresidente primeiro da Coral, Emilio Rodríguez Portabales, falou brevemente sobre a figura de Xabier Prado "Lameiro".

Xa pola tarde, o teatro Principal de Ourense serviu de escenario para facer efectiva a entrega do primeiro Premio Xabier Prado "Lameiro", creado pola Coral De Ruada para recordar e homenaxear a figura e a obra dun dos seus fundadores. O xurado, formado por Xabier Prado Méndez, neto do homenaxeado; Delfín Caseiro, catedrático de Lingua Galega, inspector de ensinanza e escritor; José Manuel Rubín, xornalista e delegado en Ourense de La Voz de Galicia; Manuel Brañas, músico líder de Brañas Folk e director do Obradoiro de Instrumentos da Deputación de Ourense; Eladio Quevedo Almoina, presidente da Coral De Ruada e Manuel Souto Prieto, secretario da Coral De Ruada, que actuou como secretario do xurado, con voz pero sen voto, outorgou por unanimidade a distinción ao Real Coro Toxos e Froles, de Ferrol.

O galardón ten como obxectivo distinguir a aquelas persoas ou colectivos que destaquen polo seu compromiso desinteresado coa cultura de Galicia de expresión en idioma galego e de carácter popular. Consiste nunha reprodución do busto de Xabier Prado "Lameiro" realizada no seu día por Asorey. A peza creada para o premio foi realizada por Buciños.

O Real Coro Toxos e Froles foi recoñecido como gañador tras case cen anos de actuacións por Galicia, España, Europa e América difundindo as súas cantigas, música tradicional e cultura. O presidente de Toxos e Froles, Arturo Lamas, agradeceu o recoñecemento e lembrou a información referida á primeira actuación de Toxos e Froles en Ourense o 21 de xuño de 1916, no mesmo escenario, o teatro Principal de Ourense, e na "regueifa" entre os ferroláns e o público participou o afamado gaiteiro Faustino Santalices.

Entre os asistentes ao acto encontrábanse Xabier e Mariló Prado Méndez, netos de Xabier Prado "Lameiro". Antes da entrega do premio procedeuse a ler unha semblanza de "Lameiro". Despois a Coral De Ruada representou "O Cego da Xestosa", tras 62 anos sen representarse. Os coralistas Gerardo Gómez Gómez e Patricia Blanco

DEPUTACIÓN OURENSE

Valdés foron os actores que interpretaron excelentemente sobre o escenario aos personaxes do Cego da Xestosa, acompañados á zanfona por Emilio Rodríguez Portabales. Logo a Coral De Ruada tivo unha breve actuación. O acto foi presentado polo catedrático de Lingua e Literatura Españolas do I.E.S. Universidade Laboral, Adolfo Salgado Pérez.

A repercusión deste acto na prensa local foi moi importante como demostra o amplo número de artigos que se xuntan.



Homenaxe a Xabier Prado "Lameiro" no seu monumento do Xardín do Posío
Fotos: Francisco González Gamallo



DEPUTACIÓN OURENSE

Acto de entrega do Premio Xabier Prado "Lameiro" ao presidente do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, Arturo Lamas
Fotos: rqv/erp



Representación de "O Cego da Xestosa" e actuación da Coral De Ruada
Fotos: rqv/erp

La Voz de Ourense
VIERNES, 17 DE SEPTIEMBRE DEL 2010 :: www.lavozdegalicia.es

L2 Viernes, 17 de septiembre del 2010
La Voz de Galicia Ourense » AL DÍA

## «O cego de Xestosa» centrará la entrega del primer premio Xabier Prado «Lameiro»



El Real Coro Toxos e Froles de Ferrol recogerá hoy el premio Xabier Prado *Lameiro* que concede Coral de Ruada. La agrupación ourensana, que entrega este premio por primera vez, quiere reconocer la labor desinteresada de aquellos colectivos que destaquen por su compromiso con la cultura, fundamentalmente, con el folclore. En el acto de entrega, a las ocho de la tarde en el Teatro Principal, incluirá la representación, por parte de la Coral de Ruada, de la pieza *O cego da Xestosa*, de Prado *Lameiro*. La entrada es libre hasta completar el aforo.

DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL
FARO DE VIGO
OURENSE

FARO DE VIGO
MIÉRCOLES, 15 DE SEPTIEMBRE DE 2010 OURENSE ■ 11

## Coral de Ruada organiza la primera edición del premio Xavier Prado "Lameiro"

### El galardón de este año fue otorgado por unanimidad al "Coro Toxos e Froles" de Ferrol

**MIRIAM GONZÁLEZ** ■ Ourense

La Coral Ruada de Ourense es la encargada de organizar el premio Xavier Prado "Lameiro" que está destinado a premiar de forma simbólica, la labor desinteresada de aquellas personas o colectivos que destaquen por su compromiso con la cultura de Galicia de expresión del idioma gallego y de carácter popular, fundamentalmente en el campo del folclore.

Un jurado compuesto por relevantes personas de la cultura, de la música y de los de comunicación, decidieron, por unanimidad conceder este primer premio al Real Coro de Toxos de Froles de Ferrol.

Esta agrupación reúne requisitos suficientes, pues su repertorio musical se basa en la música popular y polifónica gallega y lleva casi cien años expandiendo sus canciones por Galicia, España, Europa y América de forma totalmente desinteresada y sin ningún afán de lucro.

La Región
Viernes 17 Septiembre de 2010 OURENSE 1,10 €
100 años

## La Coral de Ruada entrega el Premio Prado Lameiro al Coro Toxos e Froles

**REDACCIÓN** OURENSE
local@laregion.net

El Real Coro Toxos e Froles de Ferrol recibe esta tarde, en un acto que comienza a las 20.00 horas en el Teatro Principal, el Premio Xabier Prado Lameiro, que la Coral de Ruada organiza por primera vez. El galardón reconoce la labor desinteresada de aquellas personas o colectivos que destacan por su compromiso con la cultura de Galicia, de expresión en idioma gallego y de carácter popular, fundamentalmente en el campo del folclore. En el caso del coro premiado, su repertorio musical se basa en la música popular y polifónica gallegas, y lleva casi cien años, pues fue fundado en 1914. En un acto anterior, a las 12 horas, la Coral de Ruada hará una ofrenda floral al monumento de Prado "Lameiro" en el jardín del Posío.

OURENSE
VIERNES, 17 DE SEPTIEMBRE DE 2010
LA REGIÓN 11

NÚMERO 29.653
100 años
La Región
Viernes 17
Septiembre de 2010
OURENSE
1,10 €

14 LA REGIÓN VIERNES, 17 DE SEPTIEMBRE DE 2010

## AGENDA



### Acto de entrega del premio Xabier Prado "Lameiro"

Otorgado por la Coral de Ruada de Ourense se llevará a cabo en el Teatro Principal a partir de las 20,00 horas

OURENSE

ACTIVIDADES PARA HOY

**ACTO DE ENTREGA**
Premio Xabier Prado "Lameiro", en el Teatro Principal de la ciudad.
**20,00H**

DEPUTACIÓN OURENSE

vida

La Región

NÚM. 1046
Domingo, 26 de septiembre de 2010
www.laregion.net



*Premio*

# DÍA GRANDE PARA LA CORAL DE RUADA

**El Real Coro Toxos e Froles de Ferrol recibió el galardón Xabier Prado "Lameiro", que organizó por primera vez la Coral De Ruada. Este premio reconoce, de forma simbólica, la labor desinteresada de aquellas personas o colectivos comprometidos con la cultura de Galicia de expresión en lengua gallega y de carácter popular, sobre todo, dentro del ámbito del folclore. El conjunto ferrolano está basado en la música popular y polifónica gallega, y lleva casi cien años -fue fundado en 1914- difundiendo sus cantigas por Galicia, España, Europa y América. El acto, además, incluyó las interpretaciones de "O cego da Xestosa", de Xabier Prado "Lameiro"; los Alalás de Taboadela y Ourense; y "Ourense ao lonxe", de Manuel de Dios, por parte de los miembros de la Coral De Ruada.**



**Eladio Quevedo -presidente** de la Coral De Ruada-, con Javier Prado y los premiados.



**Blanca Taboada, Álvaro** Iglesias y María del Carmen Valdés, entre el público.



**María Belén Vázquez** y Elena González, antes de salir al escenario.



**María Pilar Domínguez** y Pilar Pérez fueron de las primeras en sentarse.



**Julia Pérez** y Rosa Barroso, en el vestíbulo del Teatro Principal.



**Guadalupe Pérez** y Gervasio Rodríguez ocuparon un buen asiento en la sala.

DEPUTACIÓN OURENSE

# II Premio Xabier Prado "Lameiro" 2011




O día 27 de setembro tivo lugar no teatro Principal o acto de entrega do Premio Xabier Prado "Lameiro" na súa segunda edición. E se na primeira edición o galardón ía para o Ferrol, en merecido recoñecemento ó histórico Real Coro Toxos e Froles da cidade departamental, nesta ocasión o premio foi para o grupo de danza ourensán "Castro Floxo", colectivo que leva máis de tres décadas investigando, conservando e divulgando o noso "folclore tradicional".

O xurado, composto por: Emilio Rodríguez Portabales, vicepresidente primeiro da Coral De Ruada, que actuou como presidente do xurado; Antonio Piñeiro Feijóo, xornalista e director da revista Auria; César Francisco González Fernández, director da Plataforma Independente de Teatro de Amoeiro "PITA"; Xosé María Carballeira Anllo, coautor dos Dicionarios Xerais de Lingua Galega e director do I.E.S. "Universidade Laboral" de Ourense; Eladio Quevedo Almoina, presidente da Coral De Ruada e Manuel Souto Prieto, secretario xeral da Coral De Ruada, que actuou como secretario do xurado, con voz pero sen voto. A decisión do xurado foi unánime.

O acto, que foi presentado polos profesores do I.E.S. "Universidade Laboral" de Ourense Rosa María Cid Galante e Adolfo Salgado Pérez, iniciouse cun canto de arrieiro interpretado polo tenor segundo da Coral José Rodríguez Suárez, acompañado polos tamén coralistas Manuel Souto Prieto, co gaita irlandesa, e Emilio Rodríguez Portabales, coa zanfona. A continuación a



Cantar de arrieiro e representación de N'a corredoira
Fotos: Villar

DEPUTACIÓN OURENSE

Plataforma Independente de Teatro de Amoeiro "PITA", baixo a dirección de César Francisco González Fernández, puxo en escena a obra de Xabier Prado "Lameiro" "N'a corredoira" que fora representada en 1919, no día de San Xoán, na presentación ó público ourensán da Coral De Ruada no desaparecido Salón Apolo.

O presidente do xurado e vicepresidente primeiro da Coral De Ruada, Emilio Rodríguez Portabales, e o presidente de De Ruada, Eladio Quevedo Almoina, fixeron entrega do premio aos irmáns Mariló e Xulio Fernández Senra. Mariló leu unhas breves palabras sobre o significado que para eles tiña o premio e agradeceu, en nome da colectividade, a concesión do mesmo.

A continuación actuou o grupo de danza homenaxeado, Castro Floxo, que nos ofreceu varias fermosas danzas, interpretadas coa súa mestría habitual. Pechou o acto a Coral De Ruada, ofrecendo varias pezas populares e polifónicas galegas.

A concesión do II Premio Xabier Prado "Lameiro" tivo un amplo seguimento na prensa local, como se pode ver na recensión que se xunta.

En resumo e, como titularía o seu artigo Antonio Piñeiro no xornal "La Región" publicado o 29-10-2011, "Unha velada chea de galeguidade". Ofrecemos este artigo ao remate porque coidamos que ten un grande interese, como poderá comprobar o lector.



Distintos intres do acto de entrega do II Premio Xabier Prado "Lameiro"
Fotos: Villar

DEPUTACIÓN
OURENSE



Actuación do grupo de danzas Castro Floxo
Fotos: Villar



A Coral De Ruada pechou o acto
Fotos: Villar

# Ourensalia
## Antonio Piñeiro
### Xornalista

**UNHA VELADA CHEA DE GALEGUIDADE**

Os amigos da Coral de [De] Ruada convidáronme hai unhas semanas a participar no xurado do premio anual que dedican ó vello galeguista Xabier Prado *Lameiro* e co que tentan recoñecer "o labor desinteresado daquelas persoas ou colectivos que destaquen polo seu compromiso no eido do folklore, da música popular e polifónica galega".

O resultado xa é coñecido porque o acto de entrega do devandito galardón tivo lugar nantronte no Teatro Principal e, polo tanto, non me vou repetir máis que para facer publicamente o que xa fixen en privado, é dicir, felicitar de corazón a toda a comunidade que xira arredor do que unha veces chaman "Castro Floxo" e outras "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación Provincial" -que é máis longo pero que cos seus matices, non deixa de ser o mesmo-, non só pola recepción do premio, senón polo traballo que desenvolven dende hai máis de trinta anos ó abeiro permisivo e silandeiro da Deputación provincial.

E quéroos felicitar, dende o compoñente máis cativo -que pode que non chegue aínda ós dous díxitos- ata o máis serodio –que ten ben superado o medio século-, porque todos eles son factores do pasado, do presente e do futuro do que sen lugar a dúbidas é o colectivo máis prolífico e prestixioso de cantos traballan no ámbito da cultura popular en Galicia.

Como tamén quero felicitar á Coral de [De] Ruada porque o xoves permitiunos vivir no Teatro Principal unha velada chea de galeguidade. Dende o grupo de teatro de Amoeiro -o "Pita", todo un descubrimento-, ata o "Ourense ao lonxe" do sempre benquerido Manuel De Dios, pasando polas danzas do propio grupo Castro Floxo, a Galicia máis popular encheu sen ningún complexo o ambiente dun Teatro Principal no que me atrevo a dicir que todos nos sentimos moi cómodos.

E mentres seguía a evolución escénica da representación teatral dun grupo completamente afeccionado e polo tanto cunha humilde posta en escena, e mentres o público se esmendrellaba coa risa seguindo os diálogos de "Na corredoira", escritos hai oito ou nove décadas por Prado *Lameiro*, déuseme por pensar no manifesto reivindicativo que esoutro día leu o actor Ernesto Chao na clausura do Festival de Cine, no que asegurou non estar mendigando nada senón "esixíndolle" á Consellería de Cultura o que era deles, é dicir, as denominadas "axudas ó teatro" que polo visto esta lles debe.

Como consecuencia e sen ánimo de polemizar, fixen o seguinte razoamento: Se a unha empresa de paraugas non lle chove en todo o inverno e non da vendido a produción, que eu saiba non lle pide á Administración que lle merque o excedente? Entón, por qué unha compañía profesional de teatro ten que recibir unha "sub-

DEPUTACIÓN OURENSE

vención" se non enche a sala nunha representación? Non haberá algo de perversión no sistema de financiamento da cultura que ata o de agora nos temos dotado? Pregunto.

La Región

Sábado 29 octubre de 2011
OURENSE
1,10 €

NÚMERO 30.057
100 años

28 LA REGIÓN
OPINIÓN
SÁBADO, 29 DE OCTUBRE DE 2011

**OURENSALIA**

ANTONIO PIÑEIRO
Xornalista



## UNHA VELADA CHEA DE GALEGUIDADE

Os amigos da Coral de Ruada convidáronme hai unas semanas a participar no xurado do premio anual que dedican ó vello galeguista Xabier Prado Lameiro e co que tentan recoñecer "o labor desinteresado daquelas persoas ou colectivos que destaquen polo seu compromiso no eido do folclore, da música popular e polifónica galega".

O resultado xa é coñecido porque o acto de entrega do devandito galardón tivo lugar nantronte no Teatro Principal e, polo tanto, non me vou repetir nada máis que para facer publicamente o que xa fixen en privado, é dicir, felicitar de corazón a toda a comunidade que xira arredor do que unhas veces chaman "Castro Floxo" e outras "Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación provincial" -que é máis longo pero que cos seus matices, non deixa de ser o mesmo-, non só pola recepción do premio, senón polo traballo que desenvolven dende hai máis de trinta anos ó abeiro permisivo e silandeiro da Deputación provincial.

E quéroos felicitar, dende o compoñente máis cativo -que pode que non chegue aínda ós dous díxitos- ata o máis serodio -que ten ben superado o medio século-, porque todos eles son factores do pasado, do presente e do futuro do que sen lugar a dúbidas é o colectivo máis prolífico e prestixioso de cantos traballan no ámbito da cultura popular en Galicia.

Como tamén quero felicitar á propia Coral de Ruada porque o xoves permitiunos vivir no Teatro Principal unha velada chea de galeguidade. Dende o grupo de teatro de Amoeiro -o "Pita", todo un descubrimento-, ata o "Ourense ao lonxe" do sempre benquerido Manuel De Dios, pasando polas danzas do propio grupo Castro Floxo, a Galicia máis popular encheu sen ningún complexo o ambiente dun Teatro Principal no que me atrevo a dicir que todos nos sentimos moi cómodos.

E mentres seguía a evolución escénica da representación teatral dun grupo completamente afeccionado e polo tanto cunha humilde posta en escena, e mentres o público se esmendrellaba coa risa seguindo os diálogos de "Na corredoira", escritos hai oito ou nove décadas por Prado Lameiro, déuseme por pensar no manifesto reivindicativo que esoutro día leu o actor Ernesto Chao na clausura do Festival de Cine, no que asegurou non estar mendigando nada senón "esixíndolle" á Consellería de Cultura o que era deles, é dicir, as denominadas "axudas ó teatro" que polo visto esta lles debe.

Como consecuencia e sen ánimo de polemizar, fixen o seguinte razoamento: Se a unha empresa de paraugas non lle chove en todo o inverno e non da vendido a produción, que eu saiba non lle pide á Administración que lle merque o excedente? Entón, por qué unha compañía profesional de teatro ten que recibir unha "subvención" se non enche a sala nunha representación? Non haberá algo de perversión no sistema de financiamento da cultura que ata o de agora nos temos dotado? Pregunto.

DEPUTACIÓN OURENSE

# Visitas

## Treixadura



Antonio López “Toniño” e Paulo Nogueira asinando no Libro de Honra da Coral. Foto: erp

Dende mediados de 2009, o emblemático grupo de gaiteiros “Treixadura” se puxera en contacto con **De Ruada** para estudar a posibilidade de gravar un tema no que participarían “Treixadura”, e os catro Coros Galegos Históricos, é dicir, Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, Cántigas da Terra da Coruña, Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela e a **Coral De Ruada**. Nin que dicir ten que en **De Ruada** acollemos a idea con entusiasmo e, a partir dese intre seguiron os contactos.

Nos primeiros meses de 2010 chegounos a partitura da “Foliada marmuradora”, con letra popular e música e arranxos de Paulo Nogueira, un dos integrantes do grupo. A partir dese intre, dirixidos polo noso director Xoán Antón Vázquez Casas, comezamos o ensaios da mencionada foliada.

O día 22 de xuño, martes, visitaron o local da **Coral De Ruada** o propio Paulo Nogueira e o seu compañeiro Antonio López “Toniño” para escoitar a nosa interpretación e fixar o día de gravación, que se realizou no paraninfo do IES Otero Pedrayo de Ourense durante a tarde do martes 29 de xuño.

Aproveitando a visita do día 22, Paulo e “Toniño” posaron cos membros da **Coral** e asinaron no libro de Honra deixándonos a dedicatoria seguinte:

*É un auténtico pracer*
*e un orgullo tremendo*
*poder formar parte*
*da historia dun dos*
*“decanos” da nosa terra.*
*Para vós este agasallo*
*da Foliada marmuradora.*
*TREIXADURA*
*(sinaturas de Paulo e de “Toniño”)*



É un auténtico pracer
e un orgullo tremendo
poder formar parte
da historia dun dos
“decanos” da nosa terra
Para vós este agasallo
da Foliada marmuradora
TREIXADURA

DEPUTACIÓN OURENSE

O presidente da **Coral**, Eladio Quevedo Almoina, agasallou aos visitantes co libro "Primeira viaxe a Andalucía do Coro De Ruada" do coralista Xaquín Vales, con dedicatoria do propio autor, o CD "Sempre De Ruada" e o exemplar nº 8 (ano 2009) da nosa revista. Curiosamente, no anterior número da revista inclúese unha entrevista que o noso gaiteiro Xosé Antón Laxe Martiñán lles fixo en Allariz, durante a Festa da Empanada celebrada o 20 de agosto de 2006.



"Toniño" e Paulo posando cos membros da Coral
Foto: rqv/erp

DEPUTACIÓN
OURENSE

## Xosé Manuel Piñeiro

Esta visita, aínda que poida parecer estraño, está relacionada coa anterior. A Foliada marmuradora que comentamos anteriormente, gravada por iniciativa de Treixadura, ía ser estreada nun programa especial da TVG a noite do 24 de xullo, co gallo do Día de Galicia, e para iso a **Coral De Ruada** debería desprazarse até Santiago de Compostela. Aproveitando que "o Avia pasa por Ribadavia", na TVG propuxéronnos, a finais de xuño, que "xa que estades aquí podedes acompañar a Xosé Manuel Piñeiro na súa cantiga <Preciso de ti>".

A pesar do pouco tempo para preparar a cantiga, a **Coral** aceptou o reto. Hai que salientar que Xosé Manuel Piñeiro puxo moito interese nesta gravación, poñendo un estudio de gravación ourensán a disposición



Xosé Manuel Piñeiro asinando no Libro de Honra da Coral
Foto: erp

da **Coral**. Tamén que o noso director, Xoán Antón Vázquez Casas, fixo un enorme esforzo para preparar unha harmonización axeitada para **De Ruada** nun tempo récord. Ademais hai que destacar o tesón das mulleres e dos homes da **Coral** que aceptaron prolongar os ensaios durante o mes de xullo (cando, polo xeral, xa estamos de vacacións) para que a gravación fose un éxito.

Xosé Manuel Piñeiro visitou o local da **Coral De Ruada** o xoves, día 1 de xullo, para falar co noso director e informar aos coralistas do proxecto. Agradeceu a colaboración de **De Ruada** e asinou no Libro de Honra da **Coral**, coa dedicatoria seguinte:

*Nunca puiden imaxinar que un día a*
*CORAL de [De] Ruada que tanto admiro desde*
*neno ía cantar unha canción miña. É un*
*luxo e unha honra enorme. O meu*
*agradecemento de por vida.*
*Xosé M. Piñeiro*
*Xuño 2010*


Nunca puiden imaxinar que un día a
CORAL de Ruada que tanto admiro desde
neno ía cantar unha canción miña. É un
luxo e unha honra enorme. O meu
agradecemento de por vida.
Xosé M. Piñeiro
Xuño 2010

DEPUTACIÓN OURENSE

Posteriormente, fotografouse cos membros de **De Ruada** denantes de que iniciasen o ensaio.

O presidente da **Coral**, Eladio Quevedo Almoina, agasallouno co libro “Primeira viaxe a Andalucía do Coro De Ruada” do coralista Xaquín Vales, o CD “Sempre De Ruada” e o exemplar nº 8 (ano 2009) da nosa revista. Antes de rematar a súa visita, a **Coral De Ruada** dedicoulle a Foliada da Rabeda que Piñeiro, como bo allaricense, agradeceu fondamente.



Xosé Manuel Piñeiro posando cos membros da Coral
Foto: rqv/erp

# Discografía propia

*Emilio Rodríguez Portabales*
*Coralista*

(VIII)

## Relación de cantigas gravadas pola Coral De Ruada (2)[1]

| Título | Autores | Ano | Título do Disco/Casete/CD | Selo | Referencia | Observac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Foliada de Amoeiro | Popular / Daniel G. | 1954 | | Columbia | A 9479 | |
| | | 1959 | Galicia | Columbia | ECGE 71075 | |
| | | 1959 | Galicia | Columbia | SCGE 80684 | |
| | | 1964 | Canciones gallegas | Columbia | SCGE 80684 | |
| | | 1980 | | Columbia | BC 3860 (B) | |
| | | 2006 | Coro De Ruada. Escena coral galega | Ouvirmos | VRO 112 | |
| Canto de berce | Canto de berce/Daniel G. | 1954 | | Columbia | A 9479 | |
| | | 2006 | Coro De Ruada. Escena coral galega | Ouvirmos | VRO 112 | |
| Antiga alborada popular galega | Alborada | 1954 | | Columbia | R 14998 | F. Santalices |
| Marcha procesional | s. XVI | 1954 | | Columbia | R 14998 | F. Santalices |
| Santa Lucía para Rairo | | 1954 | | Columbia | R 14998 | F. Santalices |
| Estampa ourensá | Canción galega / F. Molina | 1954-56 | Cantigas da Terra | Alhambra | ALH 5168 | |
| | | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70197 | |
| | | 1966 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | |
| A Patrona de Marín | Popular | 1954-56 | Cantigas da Terra | Alhambra | ALH 5168 | |
| | | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70197 | |
| | | 1966 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | |
| | | 1980 | | Columbia | BC 3860 (B) | |
| Romance de Cerdedo | P. Luis Mª. Fernández Espinosa | 1954-56 | Cantigas da Terra | Alhambra | ALH 5168 | |
| | | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70197 | |
| | | 1966 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | |
| Unha noite na eira do trigo | M. Curros Enríquez / ? | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70194 | J. Montes |
| Lonxe da terriña | A. J. Pereira / J. Montes | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70194 | J. Montes |
| Meus amores | S. Golpe / J. Baldomir | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70194 | J. Montes |
| | | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70195 | |
| | | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70206 | |
| Un suspiro | M. Martínez / C. Berea | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70194 | J. Montes |
| | | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70206 | |
| Volve | X. A. Limeses / A. Cordal | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70195 | J. Montes |
| Como foi? | M. C. Enríquez/J. Baldomir | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70195 | J. Montes |
| Un adeus a Mariquiña | Balada galega | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70195 | J. Montes |
| Pandeirada de Tella | Popular / E. Dorado | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70196 | |
| | | 1959 | Ronda de canciones regionales | Decca | LXT 29009 | |
| Foliada da Peroxa | Popular / Félix Molina | 1956-57 | | Alhambra | EMGE 70196 | |
| Romance de Don Gaiferos | Romance do ciclo carolinxio | 1959 | | Columbia | ECGE 70918 | F. Santalices |
| | | 1966 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | F. Santalices |
| Camiña Don Sancho | Romance Galego | 1959 | | Columbia | ECGE 70918 | F. Santalices |
| | | 1966 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | F. Santalices |

DEPUTACIÓN OURENSE

| Título | Autores | Ano | Título do Disco/Casete/CD | Selo | Referencia | Observac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Axéitame a polainiña | Romance Galego | 1959 | | Columbia | ECGE 70918 | F. Santalices |
| | | 1966 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | F. Santalices |
| Cantigas de cegos | Cantiga de cegos | 1959 | | Columbia | ECGE 70920 | F. Santalices |
| Alalá de Padrón | Alalá | 1959 | | Columbia | ECGE 70920 | F. Santalices |
| Alalá de arrincar liño | Cantiga de faenas agrícolas | 1959 | | Columbia | ECGE 70920 | F. Santalices |
| Pasei pola túa porta | Aires de jota das Rías Baixas | 1959 | | Columbia | ECGE 70920 | F. Santalices |
| Esta noite ei de ir alá | Aires de jota das Rías Baixas | 1959 | | Columbia | ECGE 70920 | F. Santalices |
| Foliada de San Xusto | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. I) | Hispavox | HH 16-50 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| | | 1980 | Galicia y su música | Hispavox | C 20281 | |
| | | 1993 | Gran escolma da música galega | Fonomusic | CD 1210 | |
| | | 1993 | Galicia y su música | Emi | CDP 7893232 | |
| Pandeirada de Ares | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. I) | Hispavox | HH 16-50 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Foliada de Arnoia | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. I) | Hispavox | HH 16-50 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Cantiga dos pescadores de Muxía | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. I) | Hispavox | HH 16-50 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Alalá do Cebreiro | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. I) | Hispavox | HH 16-50 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Foliada do Miño | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. II) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (1) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Trullada da vendima | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. I) | Hispavox | HH 16-50 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Foliada de Entrimo | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Alalá de Ourense | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. III) | Hispavox | HH 16-52 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (2) | Hispavox | HH 16-52 | |
| | | 1961 | Música regional | Hispavox | HH 10-128 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| | | 1980 | Galicia y su música | Hispavox | C 20281 | |
| | | 1993 | Gran escolma da música galega | Fonomusic | CD 1210 | |
| | | 1993 | Galicia y su música | Emi | CDP 7893232 | |

DEPUTACIÓN OURENSE

| Título | Autores | Ano | Título do Disco/Casete/CD | Selo | Referencia | Observac. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Trío de gaitas | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. II) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (1) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Foliada de Marín | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. II) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (1) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Alalá de Castro | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. II) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (1) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1966 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Pandeirada de Tella | Popular | 1973 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. III) | Hispavox | HH 16-52 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (2) | Hispavox | HH 16-52 | |
| | | 1959 | Galicia canta | Columbia | ECGE 70917 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Foliada de Carballeda | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. II) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (1) | Hispavox | HH 16-51 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| Farruquiña | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1959 | Canciones de Ourense (vol. III) | Hispavox | HH 16-52 | |
| | | 1959 | Agarimos da nosa terra (2) | Hispavox | HH 16-52 | |
| | | 1961 | Música regional | Hispavox | HH 10-128 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |
| | | 1980 | Galicia y su música | Hispavox | C 20281 | |
| | | 1993 | Galicia y su música | Emi | CDP 7893232 | 1993 |
| Foliada de Luintra | Popular | 1959 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1970 | Así Canta Galicia | Hispavox | HH 10-119 | |
| | | 1973 | Así Canta Galicia | Gaviota | 150-58 | |

DEPUTACIÓN OURENSE

1. Esta relación estase a ofrecer en varias entregas e está feita a partir dos diversos discos e CD gravados pola **Coral De Ruada** ao longo da súa historia. Os títulos están corrixidos para adaptalos á normativa actualmente vixente.

# Análise musical



Xosé Ramón Estévez Gómez



Xoán Antón Vázquez Casas

O actual Director artístico da CORAL DE RUADA, excelente discípulo e amigo, pídeme unhas notas sobre a miña relación coesta entidade. No senso afectivo debo decir que è moi boa, antiga e continuada, xa dende os meus tempos de estudiante, alá polos anos 1950. Ela, pola súa banda, tèn sido comigo moi atenta e deferente, non esquecéndome nunca nas suas invitacións e efemérides, quizáis non de todo ben atendidas por min, de natural un pouco reacio a festas e notoriedades.

Por iso, e pasando a puntos concretos, quizáis deba presentarme: Son **José Ramón Estévez Gómez**, cóengo da catedral de Ourense desde 1974, estudiante (1963-1965) no Pontificio Istituto di Musica Sacra de Roma, licenciado alí en Canto Gregoriano e Composición sacra, Mestre en Canto Sagrado e actualmente Delegado diocesano de Música sacra e Prefecto da mesma Santa Igrexa Catedral.

Seminarista neno en Erbedelo, xa participaba do entusiasmo común que por CORAL DE RUADA tiñamos todos, como "un lujo de la ciudad", e compraba na Rexión os libros de **Prado Lameiro**, cofundador desta Entidade. Tiña eu doce anos cando coñecín ò director da Schola do Maior, **Manuel de Dios**, nunha célebre Velada literario-musical de ámbolos Seminarios, no Xesteira. Eu cantaba de tiple e aínda me dura o receo daqueles ensaios previos con **D. Antonio Jaunsarás**.

Máis tarde, nunha das miñas vacacións de estudiante en Salamanca, alá polo ano 1958, descubrín, nun concerto de CORAL DE RUADA no Teatro Principal, o bo facer do coro, co seu planteamento case camerístico, pero sin perder as suas esencias orixinais. Xunto coesto, a figura sosegada e garimosa de **Manuel de Dios**, coa sua exquisita musicalidade e impecable dirección, cousas todas que me engaiolaron.

Desde aquel entón e nas outras vacacións, vindo de Roma, ou destinado como Profesor no Seminario, eu non perdía un concerto da RUADA, co sostido aprecio e proximidade que todos lle tiñamos, únicamente mermado pola crítica xeneralizada contra a súa emisión "entubada", da que o Director se defendía alegando que era unha maneira de camuflar as carencias de voces máis timbradas.

O ano 1968 saíu editada a miña *Misa da Saudade* (a primeira en Galicia) que a CORAL estreou na Capela do Santo Cristo (o 7 de xaneiro), baixo a dirección de **Manuel de Dios**, aínda que éste non volvese coller o posto de Director deica fináis dese ano.

O ano seguinte celebrouse con relevancia o Cincoentenario da CORAL (o 22 de xuño

DEPUTACIÓN OURENSE

de 1969), como recordan os testimonios escritos do momento (nos que por certo eu non figuro, e algo me doeu). Mimado por **Ángel Martínez ("Anxo")** tiven o honor de presidir a Misa e predicar na igrexa dos Padres Franciscanos, cun chisco de distraccións, pois o CORO interpretou a Misa da Saudade e o Salmo 95 que eu lle adicaba naquela ocasión.

Nese ano de 1969 finou o gran organista da Catedral, **D. Antonio Jaunsarás**, a quen, dunha maneira ou de outra lle debemos orientación e saberes os que del fomos discípulos, inda que as suas dotes pedagóxicas non foran tantas. Eu escribín a sua biografía no número 1 da revista do Seminario (*Auriensa*, a. 1998), para a que recabei tamén noticias da boca de **M. de Dios**, que entre outras cousas, me encomiou o perfecto dominio e as innovacións armónicas do gran músico navarro.

Algún tempo despois, nun dos altibaixos da CORAL, con falta temporal do Director, verifiquei alguns ensaios coela, preparando a sua actuación na festa de San Rosendo en Celanova, onde cantaron tamén a referida misa co introito *Rubamos xuntos* e a peza *Veleiquí o sacerdote*, a 4 v. m. Foi entón cando o Presidente **Manuel Rego Nieto** me ofreceu, e aínda requiríu, o posto de Director, cousa que lle agradecín, mais que non puiden aceptar.

Sempre admirei a sensibilidade e a vena poética de **Manuel de Dios**, a maestría da sua dirección discreta, a profundidade e nobleza da súa inspiración compositiva e a autenticidade do seu folklorismo. El a min distinguíume coa sua amizade e cunha inmerecida conceptuación artística dos meus traballos, cousa que fixeron tamén os membros da Ruada e os seus directores posteriores. Eu a **Manolo** so lle puiden ofrecer o salmo 33 *(Magnificade ó Señor)*, a 4 v. m. con órgano e unha *Ave María* a 3 v. m., tamén con órgano. A **José Gallego Aguiar ("Chuti")**, de quen me entusiasmaba o seu senso folklórico e a súa precisión e pericia tocando a pandeireta, adiqueille un canto de Comunión *(O mundo está arregueixado)*, e a **Xerardo Gómez, "Chaparro"**, un soio de Tenor no Alleluia *Cantemos todos con amor.*

Coral De Ruada cantou en diversas ocasións outras composicións miñas, como o introito *Rubamos xuntos*, o gradual *A palabra do Señor*, a comuñón *Señor eu non son merecente*, os salmos 95 *(Cantai ò Señor unha cántiga nova)*, 99 *(Entrade na presencia do Señor)* e 148 *(Gabai ò Señor nos ceos)*, o responso *Non te nembres*, e algún arreglo de panxoliñas, como *Vinde picariñas*, ou *Transeamus usque Betlehem de Schnabel.*

Finalmente, despois de tantos anos de amizade, escribín con gusto a presente composición *(Coral De Ruada)*, para o 90 aniversario desta Agrupación, a quen lle debo moito máis do que ela a min, peza que è obxecto da cumprida e maxistral análise que dela fai o actual director do CORO, **Xoán Antón Vázquez Casas**.

*Xosé Ramón Estevez Gómez, pbro.*

DEPUTACIÓN
OURENSE



Misa na Igrexa dos Franciscanos en 1969
Foto: arquivo José Ramón Estévez

# Coral De Ruada

*Letra e Música:* José Ramón Estévez Gómez, pbro.

Esta obra polifónica, (a 4 v. m., cun Tenor "a solo", e o acorde final a 7 voces), *"Coral De Ruada"*, do meu mestre de música no Seminario, **D. José Ramón**, ten unha fermosa dedicatoria no comezo: <<Copio do meu Salmo 95 *(Cantai ó Señor unha cántiga nova)*: "Á benemérita e benquerida Coral De Ruada de Ourense, no cincuentenario da súa fundación". Tengo el gusto y el honor de dedicarle ahora, en su 90 aniversario, esta humilde composición, con el mismo o recrecido afecto" >>.

Estreamos a composición en presenza do autor, no derradeiro Concerto dos Amigos, o pasado mes de xuño de 2012, coido que cun grande éxito de público, segundo soaron os aplausos.

Esta peza consta de 5 partes ou seccións, coa seguinte estrutura formal, contando as repeticións: Intro, A - B - A - C (B') - D - A' e Coda. Vemos que se achega bastante a estrutura dun Rondó, no que a sección 1ª (A) sería o Retrouso.

A tonalidade da obra é sol menor, cunha sección, a 4ª (D) no homónimo maior (sol maior) igual que a cadencia final e con modulacións á subdominante nas seccións 2ª e 4ª.

A introdución é, suxestivamente, o acorde de Tónica, en boca pecha (B. C.), atacado con intensidade e diminuíndo en tempo ad libitum, indicado polo caldeirón.

Coa indicación de ***Andante con brío, movendo***, atácase a 1ª sección, A, en ritmo ternario de subdivisión ternaria (9/8), cunha textura predominantemente homofónica, isto é con ritmos melódicos similares en tódalas voces (¡Ai Ruada, Ruada!). Este ritmo homofónico é roto polo solo da corda de sopranos no c. 4 ó c. 8 (¡Que viva en Ourense a Coral De Ruada!), mentres o resto das voces contestan a modo de eco á exclamación das sopranos, cunha pequena imitación ó final entre as voces de baixo e tenor.

Na 2ª sección, B, (cc. 9-18), cambia a subdivisión do ritmo, pasando de ternario a binario (3/4) e cun matiz de movemento: ***Meno mosso***.

Nesta parte ten lugar a intervención do tenor solista, (na estrea a cargo de **Xerardo Gómez Gómez -"Chaparro"-)**, declamando: "Cerra a meda dos cen anos con ilusión renovada, mantendo o facho do arte en Ourense a Ruada", mentres o coro fai un elaborado acompañamento en boca pecha, en textura predominantemente polifónica, ou sexa, con ritmos melódicos distintos en cada voz.

Nesta sección, partindo da tonalidade inicial de sol m modúlase ó ton da subdominante, isto é a do m. Unha chamada ó "dal segno" lévanos dereitamente a repetición da 1ª sección (A), conferíndolle deste xeito, como xa comentamos, unha aproximación a estrutura rondística.

A 3ª sección, C (cc. 19-27), tamén podería etiquetarse coma B', posto que a melodía que entoou o tenor na sección B é repetida agora pola corda de sopranos con distinta letra: "Non é somentes un coro, é tamén unha familia. "Amizade" é o seu lema, ¡que a manteña sempre unida!"

DEPUTACIÓN OURENSE




DEPUTACIÓN OURENSE

O resto das voces cantan a mesma letra, en textura polifónica, (xa explicada arriba), especialmente evidente na entrada gradual das voces na expresión “amizade”, o que devén nun énfase do que esta verba representa.

Ó igual que na sección B hai unha transición modulante de sol m a do m.

Cambiando súbito de ton a Sol M, empeza a 4º sección (cc. 28-41) con gran efecto de luz e brillo. En textura polifónica introducen o tema a corda de sopranos, que non é outro que o tradicionalmente coñecido como “Alalá do Cebreiro”, cunha nova letra, adaptada a ocasión: “O cantar do galeguiño é cantar que nunca acaba, e, sen cansar no camiño, sigue cantando Ruada”.

As entradas graduais dos primeiros versos: “O cantar do galeguiño e cantar que nunca acaba” e a textura homofónica dos dous restantes, danlle a esta sección un carácter, como xa dixemos, luminoso e contrastante, a maiores de introducir na obra unha melodía popular, (co carácter simbólico que iso supón, tratándose da Coral De Ruada, para iso nacida, alá polo ano 18 do pasado século, para cantar cantigas populares, aínda que no seu repertorio inclúa practicamente de todo).

Na 5ª sección da obra, A’, (cc. 42-46), repítese a exclamación inicial: “¡Ai Ruada, Ruada! ¡Que viva en Ourense a Coral De Ruada!, con música similar.

Hai dúas excepcións: a 1ª a prolongación do Re dos tenores, que pasa de negra con puntillo ligada a corchea a branca con puntillo tamén ligada a corchea, retrasando así o seu final, sobor do resto das voces e de paso preparando a 2ª excepción: agora non hai solo de sopranos na expresión “¡Que viva en Ourense…!”, senón que a cantan tódalas voces, dándolle un carácter máis contundente á frase.

Ó facer unha prolongación de nota co caldeirón sobre a última sílaba, preparan o que vai ser a coda final, baseada na repetición desta mesma frase, (cc. 47 con anacrusa- 48) e remate case que apoteótico en cadencia picarda (Sol M), con desdobramento da corda de sopranos en 3 voces e a do baixo en dúas, en total, como xa comentamos, 7 voces, para darlle o acorde final unha sonoridade pletórica.

En resumidas contas, unha obra moi contrastada e aparentemente simple pero moi elaborada, e de gran efecto na audiencia.

Parabéns ó compositor.

*Xoán Antón Vázquez Casas*

DEPUTACIÓN OURENSE

## MARÍA TERESA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

O 2 de maio de 2010 finaba seu domicilio de Sevilla **María Teresa Rodríguez Rodríguez, "Maite"**. Aos poucos días, o noso presidente Eladio Quevedo Almoina escribiu un emotivo artigo na súa memoria que foi publicado na sección "Obituario" do xornal "La Región" que reproducimos a continuación porque resume perfectamente o sentir da familia ruadista por tan triste perda.

### MAITE

Hai uns días deixounos **María Teresa Rodríguez Rodríguez** *Maite*. En realidade, foi unha marcha anunciada xa que levaba un certo tempo presa dunha cruel enfermidade. Eu mesmo, acompañado polo director Xoán Antón Vázquez Casas, puiden visitala por última vez no hospital durante a xeira que a CORAL DE RUADA realizou a Sevilla e Córdoba a primeiros de decembro pasado.

***Maite*** era Mestra Nacional e Licenciada en Filoloxía Románica e Pedagoxía e, sobre todo, unha excelente persoa, culta e sensible. Coralista dos anos sesenta, tivo que abandonar Ourense por contraer matrimonio en Sevilla e fixar a súa residencia na capital andaluza, pero nunca esqueceu a Ourense nin á súa querida CORAL. Esta lembranza da terra fixo que, ao pouco de chegar a terras andaluzas, se integrase no "Lar Gallego" de Sevilla, a principal Casa de Galicia en Andalucía, da que era presidenta dende hai varios anos até o seu pasamento.


OBITUARIO
MARÍA TERESA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
CORALISTA
ELADIO QUEVEDO
Presidente da Coral de Ruada

Hai uns días deixounos María Teresa Rodríguez Rodríguez Maite. En realidade, foi unha marcha anunciada xa que levaba un certo tempo presa dunha cruel enfermidade. Eu mesmo, acompañado polo director Xoán Antón Vázquez Casas, puiden visitala por última vez no hospital, durante a xeira que a Coral de Ruada realizou a Sevilla e Córdoba a primeiros de decembro pasado.

Maite era mestra nacional e licenciada en Filoloxía Románica e Pedagoxía e, sobre todo, unha excelente persoa, culta e sensible. Coralista dos anos 60, tivo que abandonar Ourense por contraer matrimonio en Sevilla, pero nunca esqueceu a Ourense nin á súa querida Coral. Esta lembranza da terra fixo que se integrase no "Lar Gallego" de Sevilla, a principal Casa de Galicia en Andalucía, da que era presidenta dende hai varios anos até o seu pasamento.

Dende o "Lar Gallego", Maite sempre tivo unha especial querenza pola nosa -e súa- Coral de Ruada e non descansou ata levala a Sevilla no ano 2000. Alí, De Ruada ofreceu concertos en Alcalá de Guadaira, Huelva e, naturalmente, Sevilla, onde tamén participou na cerimonia de inauguración do monumento a Ofelia Nieto.

Maite recitounos, como só ela sabía facer, a fermosa lenda da orixe da música galega que escribira Azorín. Ao remate do concerto concedéuselle a insignia de prata da Coral de Ruada, que agradeceu emocionada. Volveunos levar a Sevilla en 2009, aínda que nesta ocasión non nos puido escoitar.

A morte de Maite constitúe unha triste nova para a Coral de Ruada, para Ourense e para toda Galicia, porque con ela váisenos a mellor das nosas embaixadoras en Andalucía. Ben seguro que foi recibida pola Coral de Ruada do ceo, onde Manolo de dios, a quen tanto admiraba Maite, lle fixo de anfitrión, mentres se escoitaban de fondo, coma un balbordo, as notas de "Ourense ao lonxe".


Obituario publicado en "La Región" de 5 de marzo de 2010
Hemeroteca da CDR

Dende o "Lar Gallego", ***Maite*** sempre tivo unha especial querenza pola nosa -e súa- CORAL DE RUADA e non descansou ata levala a Sevilla no ano 2000. Alí DE RUADA ofreceu concertos en Alcalá de Guadaira, Huelva e, naturalmente en Sevilla, onde tamén participou na cerimonia de inauguración do monumento a Ofelia Nieto. Nun dos concertos de Sevilla, o ofrecido no propio "Lar Gallego", ***Maite*** recitounos, como soamente ela sabía facer, a fermosa lenda da orixe da música galega que escribira Azorín. Ao remate do concerto concedéuselle a insignia de prata da CORAL DE RUADA, que ***Maite*** agradeceu emocionada. Como xa indiquei ao principio, volveunos levar a Sevilla en 2009, aínda que nesta ocasión non nos puido escoitar.

A morte de ***Maite*** constitúe unha triste nova para a CORAL DE RUADA, para Ourense e para toda Galicia, porque con ela váisenos a mellor das nosas embaixadoras en Andalucía.

Ben seguro que foi recibida pola CORAL DE RUADA do ceo, onde Manolo de Dios, a quen tanto admiraba e quería ***Maite***, lle fixo de anfitrión, mentres se escoitaban de fondo, coma un balbordo, as notas do "Ourense ao lonxe".

*Eladio Quevedo Almoina*
*-Presidente da Coral "De Ruada"-*

DEPUTACIÓN OURENSE

## XOSÉ LUÍS DE DIOS MARTÍNEZ

Aínda non se cumplira un ano do pasamento de **Manuel de Dios Martínez**, director da CORAL DE RUADA durante máis de trinta anos, cando nos chegou a nova do falecemento do seu irmán, o excelente pintor Xosé Luís. Foi unha tremenda noticia que nos colleu a todos de sorpresa. O presidente da CORAL DE RUADA, Eladio Quevedo, publicou un artigo na sección "Obituario" de "La Región" que reproducimos a continuación porque reflicte moi ben o pensar de tódolos membros de DE RUADA.



Mural que preside a sala de ensaio da CDR, obra de Xosé Luís de Dios. Foto: erp.

### XOSÉ LUÍS DE DIOS

Cando estou a pasar uns días de descanso na vila pontevedresa de A Guarda entérome polo xornal LA REGIÓN de que finou **Xosé Luís de Dios**. Un duro golpe para min e para toda a familia ruadista.

Para mín porque era un vello amigo co que compartín moitos momentos felices da nosa mocidade: tertulia dos "artistiñas" no "Volter", o bar do Tucho, xunto con Virxilio, Acisclo, Buciños, Quesada, Baltar e moitos outros amigos; ensaios e actuacións na CORAL DE RUADA, da que **Xosé Luís** formou parte nos primeiros tempos da dirección do seu irmán Manolo…

Tiven ocasión de saudalo por última vez co gallo da Misa que a CORAL DE RUADA ofreceu na Capela do Santo Cristo pola alma do seu irmán Manolo falecido hai uns meses, mostrándose **Xosé Luís** emocionado e agradecido polo xesto da CORAL.

Non vou ser eu quen fale dos moitos méritos artísticos de Xosé Luís, hai moitas persoas moito máis cualificadas ca min para facer ese labor. A súa obra quédanos para sempre coma unha testemuña calada pero permanente. A CORAL DE RUADA ten a honra e o privilexio de admirala tódolos días, xa que un formidable mural pintado por el preside a nosa sala de ensaios e, dalgún xeito, lémbranos a súa presencia e a do seu irmán Manolo.



NÚMERO 25.510 100 anos **La Región** Xoves 5 agosto de 2010 OURENSE 1,10 €

JUEVES, 5 DE AGOSTO DE 2010 LA REGIÓN 27

CARTAS AL DIRECTOR

OBITUARIO

XOSÉ LUÍS DE DIOS

Cando estou a pasar uns días de descanso na vila pontevedresa de A Guarda entérome polo xornal La Región de que finou Xosé Luís de Dios. Un duro golpe para min e para toda a familia ruadista. Para mín porque era un vello amigo co que compartín moitos momentos felices da nosa mocidade: tertulia dos "artistiñas" no "Volter", o bar do Tucho, xunto con Virxilio, Acisclo, Buciños, Quesada, Baltar e moitos outros amigos; ensaios e actuacións na Coral De Ruada, da que Xosé Luís formou parte nos primeiros tempos da dirección do seu irmán Manolo...

Tiven ocasión de saudalo por última vez co gallo da Misa que a Coral De Ruada ofreceu na Capela do Santo Cristo pola alma do seu irmán Manolo, falecido hai uns meses, mostrándose Xosé Luís emocionado e agradecido polo xesto da Coral.

Non vou ser eu quen fale dos moitos méritos artísticos de Xosé Luís, hai moitas persoas moito máis cualificadas ca mín para facer ese labor. A súa obra quédanos para sempre coma unha testemuña calada pero permanente. A Coral De Ruada ten a honra e o privilexio de admirala tódolos días, xa que un formidable mural pintado por el preside a nosa sala de ensaios e, dalgún xeito, lémbranos a súa presencia e a do seu irmán Manolo.

Quero facerlle chegar, en nome de tódolos compoñentes de De Ruada, o noso máis fondo pesar e a nosa agarimosa solidariedade á súa dona Perla, á súa irmá e aos seus sobriños. Que descanse en paz na compaña dos seus familiares, amigos e ruadistas do Alén.

**Eladio Quevedo Almoína**
*(Presidente da Coral "De Ruada")*

Obituario publicado en "La Región" de 5 de agosto de 2010
Hemeroteca da CDR

DEPUTACIÓN OURENSE

Quero facerlle chegar, en nome de tódolos compoñentes de De Ruada, o noso máis fondo pesar e a nosa agarimosa solidariedade á súa dona Perla, á súa irmá e aos seus sobriños. Que descanse en paz na compaña dos seus familiares, amigos e ruadistas do Alén.

*Eladio Quevedo Almoina*
*-Presidente da Coral "De Ruada"-*

## FERMÍN ZUBIRI ENÉRIZ

O 18 de febreiro de 2011 deixounos o exdirector do coro infantil de De Ruada Fermín Zubiri Enériz. Como adoita pasar nestes casos, o presidente da Coral De Ruada, Eladio Quevedo, publicou un artigo na sección "Obituario" de "La Región" que reproducimos a continuación porque reflicte moi ben o sentir de todos nós.

### FERMÍN ZUBIRI

A finais de 1974 a Coral De Ruada funda o seu coro infantil. A idea partiu de Álvaro de Dios, que axudaba ao seu irmán Manuel na dirección de De Ruada. E foi Álvaro o primeiro director deste coro infantil, que debutou o 28 de abril de 1976 nun concerto que a Coral De Ruada ofreceu aos seus Amigos no desaparecido teatro Losada da rúa do Paseo. Era entón presidente da Coral o inesquecible José Fernández Borrajo.

Sucedeu a Álvaro de Dios, na dirección do coro infantil, José Pérez e, a continuación, ***Fermín Zubiri Enériz***. Non estivo moito tempo exercendo este labor, pero si o suficiente para deixar unha fonda pegada entre os que tivemos a sorte de coñecelo. Era un grande músico e, sobre todo, unha boa persoa. Despois de ***Fermín Zubiri***, dirixiron o coro infantil Emilio Pérez Iglesias, Juan José Rumbao Requejo e o meu fillo José Eladio. Pola súa banda, Zubiri fundou, a finais dos anos oitenta, a Coral Tempos Novos de Cabeza de Vaca, permanecendo na súa dirección ata que decidiu xubilarse hai dous ou tres anos. Eu, ademais, tiven a ocasión de colaborar con el, durante moitos anos, no Fogar do Pensionista, onde ***Fermín*** dirixía o coro e eu o grupo de gaitas e percusión.

Como xa indiquei, foi pouco o tempo que ***Fermín Zubiri*** estivo connosco e somos poucos os coralistas actuais que o coñecemos -pódense contar cos dedos dunha man- pero paréceme que, como presidente da Coral De Ruada, teño a obriga de ofrecer unha mostra de agradecemento e de respecto para este excoralista. Por outra banda, penso que debemos recoñecer o importantísimo labor de todos eses músicos que, dende a humildade e discreción, pero co seu bo facer, contribuíron a facer grandes a institucións como a nosa querida Coral De Ruada.

De seguro que xa está na compaña dos exdirectores e excoralistas que forman a xa moi numerosa Coral De Ruada do Ceo.

*Eladio Quevedo Almoina*
*-Presidente da* Coral "De Ruada"-


100 anos
La Región
Domingo 20
26 LA REGIÓN
DOMINGO, 20 DE FEBREIRO DE 2011
OPINIÓN
CARTAS AL DIRECTOR

OBITUARIO
FERMÍN ZUBIRI

A finais de 1974, a Coral De Ruada funda o seu coro infantil. A idea partiu de Álvaro de Dios, que axudaba ao seu irmán Manuel na dirección de De Ruada. E foi Álvaro o primeiro director deste coro infantil, que debutou o 28 de abril de 1976 nun concerto que a Coral De Ruada ofreceu aos seus Amigos no desaparecido teatro Losada da rúa do Paseo. Era entón presidente da Coral o inesquecible José Fernández Borrajo.

Sucedeu a Álvaro de Dios, na dirección do coro infantil, José Pérez e, a continuación, Fermín Zubiri Enériz. Non estivo moito tempo exercendo este labor, pero si o suficiente para deixar unha fonda pegada entre os que tivemos a sorte de coñecelo. Era un grande músico e, sobre todo, unha boa persoa. Despois de Fermín Zubiri, dirixiron o coro infantil Emilio Pérez Iglesias, Juan José Rumbao Requejo e o meu fillo José Eladio. Pola súa banda, Zubiri fundou, a finais dos anos oitenta, a Coral Tempos Novos de Cabeza de Vaca, permanecendo na súa dirección ata que decidiu xubilarse hai dous ou tres anos. Eu, ademais, tiven a ocasión de colaborar con el, durante moitos anos, no Fogar do Pensionista, onde Fermín dirixía o coro e eu o grupo de gaitas e percusión.

Como xa indiquei, foi pouco o tempo que Fermín Zubiri estivo connosco e somos poucos os coralistas actuais que o coñecemos -pódense contar cos dedos dunha man- pero paréceme que, como presidente da Coral De Ruada, teño a obriga de ofrecer unha mostra de agradecemento e de respecto para este excoralista. Por outra banda, penso que debemos recoñecer o importantísimo labor de todos eses músicos que, dende a humildade e discreción, pero co seu bo facer, contribuíron a facer grandes a institucións como a nosa querida Coral De Ruada.

De seguro que xa está na compaña dos exdirectores e excoralistas que forman a xa moi numerosa Coral De Ruada do Ceo.

**Eladio Quevedo Almoina**
*(Presidente da Coral "De Ruada". Ourense)*

Obituario publicado en "La Región" de 5 de febreiro de 2010
Hemeroteca da CDR

DEPUTACIÓN OURENSE



O gaiteiro e tenor
Tucho Soutullo
Arquivo da CDR



O barítono Sina
Arquivo da CDR



O barítono Cali
Arquivo da CDR

Ademais dos coralistas que acabamos de sinalar, faleceron tamén nos últimos meses: **Juan Antonio Rodríguez González "Tucho Soutullo"** (finado o 10 de setembro de 2010), pertencente ao grupo musical, como gaiteiro, e a corda de tenores dende finais dos corenta até mediados dos setenta; **José Rodríguez Freijedo "Sina"** (falecido no Carballiño o 28 de outubro de 2010), pertencente á corda de barítonos, nos anos oitenta; **Eduardo Vázquez Santás "Lali"** (falecido o 29 de xaneiro de 2011), barítono nos anos sesenta; **Alfonso González Fariñas "Cali"** (finado o 2 de maio de 2011), barítono dos anos 60, irmán dos tamén coralistas Moncho e Manuel e cuñado da excoralista Conchita, viúva de Moncho. Tamén nos deixou, recentemente, **José Atanasio Armesto Prieto**, que faleceu o 25 de novembro de 2010 e que exerceu de directivo nos últimos anos setenta.

Tamén nos deixaron algúns Amigos da Coral e outros persoeiros vinculados dalgún xeito con De Ruada:

**Victorino Núñez Rodríguez** (finado o 19 de xuño de 2010), expresidente da Deputación de Ourense e do Parlamento de Galicia, Amigo de Mérito da Coral De Ruada. Foi un gran benefactor para a nosa agrupación. No seu cabodano, celebrado na Igrexa de Cristo Rei das Lagoas o 19 de xuño de 2011, o noso presidente, Eladio Quevedo, pronunciou unhas sentidas palabras que resumen dun xeito perfecto os sentimentos de gratitude cara a **Victorino Núñez** por parte da familia ruadista:

Di un antigo refrán castelán *"De bien nacidos es ser agradecidos"*. E estamos hoxe aquí, acompañando á familia e amigos de **D. Victorino Núñez**, para mostrar o noso fondo agradecemento polo moito que fixo, dende os seus postos de Presidente da Deputación Provincial e do Parlamento de Galicia, pola Coral De Ruada, que me honro en presidir.

Con **D. Victorino** asinamos, sendo presidente da Coral *D. José Fernández Borrajo* e eu mesmo secretario, o primeiro convenio coa Deputación Provincial. Era nos primeiros anos da década dos oitenta.

Con **D. Victorino** viaxamos a Venezuela, no ano 1982, conmemorando o 50 Aniversario da Caixa de Aforros Provincial de Ourense.

Foi **D. Victorino** quen nos cedeu, a primeiros de1986, o local do teatro Principal que ocupamos actualmente.

Con **D. Victorino** viaxamos de novo a América, esta vez a Arxentina e Uruguai, no mesmo ano 1986, no 50 Aniversario da Deputación Provincial de Ourense.

Entenderán agora as miñas palabras iniciais sobre o agradecemento.

DEPUTACIÓN OURENSE

A CORAL DE RUADA, no ano 1992, para premiar dalgún xeito tódolas atencións que **D. Victorino** tivo connosco, rendeulle unha sinxela pero sincera homenaxe en Ourense, nomeándoo "Amigo de Mérito" da CORAL e agasallándoo cunha figura de bronce do escultor Buciños que simboliza a nosa eterna gratitude.

Hoxe estamos aquí, coas nosas mellores galas, para lembralo nesta Misa de cabodano, xa que o ano pasado, por estas datas, non puidemos facelo por mor de varios compromisos adquiridos con anterioridade que nolo impediron. Seguro que nos estará a escoitar dende o Ceo, en unión dos moitos excoralistas falecidos.

**Virxilio Fernández Cañedo** (finado o 8 de setembro de 2011), extraordinario pintor, fillo de Virxilio Fernández Rodríguez, cofundador da CORAL DE RUADA. No noso local social, do ático do teatro Principal, podemos admirar un fermoso cadro que nos doou **Virxilio** como proba do seu cariño pola CORAL da que seu pai fora fundador e un dos persoeiros máis relevantes da súa historia.

**Antonio Iglesias Álvarez** (falecido o 8 de outubro de 2011), pianista e musicólogo ourensán afincado en Madrid, gran seguidor da CORAL DE RUADA. **Isaac Díaz Pardo** (falecido o 5 de xaneiro de 2012), artista e intelectual galeguista vinculado ao Castro e Sargadelos, fillo de Camilo Díaz Baliño, escenógrafo ferrolán que elaborou a primeira bandeira da CORAL e os decorados e cartaz da xeira ruadista por América no ano 1931. **Manuel Fraga Iribarne** (finado o 15 de xaneiro de 2012), expresidente da Xunta de Galicia, baixo cuxa presidencia obtivo a CORAL DE RUADA a Medalla de Galicia na categoría de bronce no ano 1992. **Esther Gloria Prieto Alcaraz** (falecida o 2 de maio de 2012), filla do cofundador da CORAL Julio Prieto Nespereira. **Gerardo Salgado Valdés** (finado o 18 de agosto de 2012), exdirector durante moitas décadas do Orfeón Unión Orensana, compositor dun importante número de pezas polifónicas, moitas das cales foron incoporadas por DE RUADA ao seu repertorio.



Cadro que Virxilio Fernández Cañedo doou a CORAL DE RUADA
Fotografía: erp

**Luís Taboada Camoeiras** (19 de agosto de 2010), **Antonio Vázquez Martín** (5 de outubro de 2010), **Pablo Fernández González** (16 de decembro de 2010), **Antonia Gómez Paradela** (25 de abril de 2012).

Para todos eles e elas o noso máis fondo agradecemento pola súa colaboración, de distinto tipo e a distintos niveis, coa CORAL DE RUADA ao longo de tanto tempo. Descansen en paz.



Victorino Núñez sorrinte ante un brinde
de Fernando Iglesias "Tacholas" durante a visita
da CORAL DE RUADA a Bos Aires no ano 1986
Arquivo da CDR

DEPUTACIÓN OURENSE

# Recanto literario

*Manuel Blanco Luis*[1]

In principio erat aqua…
Auga anlleira que aínda non sabía
de sedes e arroaces.
O soño orixinario con mitos e navíos
estaba por chegar.
Baixaban as túas sílabas
rousando polas cheas,
coma unha profecía
que naufraga nun tempo manuscrito
con salpedrés, con fumo, con soidade.
Renunciaches ó mar por serlle fiel
ó cara e cruz da auga,
ó anverso e reverso da mesma claridade:
augas albeiras de migratorias vísceras,
tafures polos eidos e as aceas;
augas acesas, nunca abeizoadas
pola piedade cíclica da lúa,
que comparten o cerne cos abismos.
Ourense.
Enigma dadivoso que entrelaza
a pregaria, os aléns e as cotovías.
Eironciño morno onde se oficiou
o rito cósmico do círculo,
de maneira que, a roda humanizada,
domesticara, como un can, os cataventos,
e, en herdade nos desen, a semente
e a lentura de tódolos camiños.

Perxuro xa por sempre
quen desmentira o lonxe.
E tódalas vereas do universo
serían rúas extramuros
da nosa mesmidade.
Contan que a auga alzou o voo un día
e unha bandada de limoeiros
repoboou so seráns e o canto dos paxaros.
Itaca do revés.
Pan centeo con sangue no costado.
Xamais ás ser
unha tega de po
nunha esquina do tempo,
unha data nas crónicas
que se escreben na cinsa;
porque o fervor do lume,
a inmensidade do aire,
a antigüidade circular da terra,
vén durmir ó teu colo
Ourense. Ourense das augas lumieiras.



DEPUTACIÓN OURENSE

*1 Nota da Coral De Ruada:* Manuel Blanco Luis (Vilar de Cervos - Ourense, 1946) é autor de varios libros de poesía en solitario e en colaboración con outros poetas (Eduardo González Ananín, Víctor Campio Pereira, Edelmiro Vázquez Naval, María Xesús Pato Díaz, Carmen Lobón Aguiar, Manuel de Dios Martínez, Millán Picouto Igrexas, etc.) pertencentes ou achegados ao desaparecido Grupo Dolmen. O poema que publicamos pertence ao seu último libro *Ben puidera ser isto unha elexía*.

# HUMOR GRÁFICO

***Almuiña*[1]**







DEPUTACIÓN OURENSE




1. Fernando Fernández Almuiña é pintor e humorista gráfico. Colaborador habitual de "La Región", leva publicado neste xornal máis de 200 viñetas.



**SONETO, CON ESTRAMBOTE,**
**DO REPARTO DE ALOXAMENTOS**

*"Teixugo"*

DEPUTACIÓN
OURENSE

*Dedicado a Manolo Sánchez*

Un dos máis problemáticos momentos
que se da nas viaxes das corais
é aquel en que un ou máis vocais
teñen que repartir aloxamentos.

- ¡Por favor, coralistas, ben atentos!.
E comeza o reparto de locais
pensando nos beneficios xerais,
aspirando a quedar todos contentos.

- ¡Eu con ese non durmo porque ronca!.
- ¡Eu quixera durmir co meu marido!.
- ¡Ou me cambias de sitio ou monto liorta!.

Os vogais, en vista do ruído,
danlle voltas e voltas á cachola
atentos a cumprir seu cometido.

*Estrambote a modo de sentenza*

Seguro que habería menos lío
se ós homes lles toca unha garota
e ás mulleres un cachas bo partido.

# Galería de Retratos Vivos

*Ana María López Fernández*
*Coralista*

***A MODO DE PRESENTACIÓN***

*Hai moi pouco que pertenzo á CORAL DE RUADA. Un soño escondido na memoria do tempo e que me parecía inalcanzable. Sempre soñara con vestir o refaixo e a muradana, sempre admirara á CORAL de lonxe, con sa envexa. Dende o primeiro día a quero e a respecto profundamente. CORAL DE RUADA sodes vós, as e os ruadistas que a compoñedes.*

*Debido a este enxeño moderno que é o correo electrónico, alguén leu entre liñas que tiña certa facilidade para escribir e deu conta. Propúxoseme que escribira algo para a Revista da CORAL e quedei abraiada, non só pola honra que supón, senón pola responsabilidade que entraña semellante reto. Dinlle voltas ós miolos e propuxen varios proxectos. Hei de dicir que todos lles pareceron interesantes. Penso que elixín o máis arriscado: escribir sobre os membros vivos da CORAL. Non só da súa traxectoria como coralistas, senón centrándome nas persoas, nas súas vivencias, no armazón do seu interior. O fin é retratarvos a todos, da/o máis antiga/o á/ó máis nova/o, sempre que a quen lle toque acepte libremente ser retratado. Pode que non viva o tempo suficiente para deixar testemuña de cada unha e cada un de vós porque sodes moitos, pero ata onde poida e se non vos aburrides, tentarei ser obxectiva, fiel e amena. E digo dos vivos, porque dos mortos xa se fala e escribe cando marchan. Non dubidedes de que o fago con todo o meu cariño e co máximo respecto.*

*Cometín a ousadía de empezar por Xerardo Gómez Gómez (Chapi), quen, xunto con Antonio Barreira (vai poñendo as barbas a remollo que serás o seguinte) é o membro máis antigo hoxe na CORAL. Dirixinme a el con medo, esperando un NON maiúsculo que me cortara as ás de súpeto, pois sabía por referencias que non era fácil que deixara a ninguén entrar no seu mundo interior. Pero foi un SI. O malo é que a miña ousadía levoume a un personaxe cunha vida tan chea e un interior tan rico que non sei se darei feito o retrato. Non sei se a sinopse que tento facer deste home encherá máis páxinas das que me poidan asignar.*

*E, como xa está ben de introito e queda moito por escribir, vou alá.*

# RETRATO Nº 1:
# XERARDO GÓMEZ GÓMEZ ("CHAPARRO", "CHAPI").



Primeira Comuñón
Foto: Ernesto Schreck
Arquivo de Xerardo Gómez

**Apuntes biográficos**

Naceu en Ourense, na Avda. de Bos Aires, antes coñecida como Ctra. de Trives, no núm. 79 antigo, o 19 de agosto do 1940, na casa. O seu pai, Xerardo, era o mestre de Rivela e a súa nai, Leonor, dedicábase ós labores do fogar e a despachar na panadería. Xerardo é o primoxénito de tres irmáns, seguíndolle María Ermitas, e Marina, que perteneceu á CORAL DE RUADA ata pouco antes de se casar.



Xerardo coa súa nai
e coa avoa paterna Ermitas
Foto: Arquivo de
Xerardo Gómez

A familia vivía do soldo do pai como Mestre Nacional e da Panadería ("Panadería Chaparro", que ocupaba as casas 79-81 dende a Avda. de Bos Aires ata Camiño Caneiro).

**Estudos, traballos, familia**

Comezou a escola ós 5 anos nas Monxas de Santo Domingo. Ós 6 anos pasa á Academia Sueiro na rúa da Liberdade ata os 10 anos e realiza o exame de Ingreso. Estudou Bacharelato en Estudios Galicia, única Academia da Provincia que era mixta (ano 1951) e examinouse por libre no Instituto. O resto do Bacharelato realizouno no Colexio Cardeal Cisneros porque non había Bacharelato Universitario (5º e 6º) na Academia. Fixo Maxisterio por libre, en Estudios Galicia, rematándoo ós 18 anos. A partir de aí estudou en "Academia Almi" contabilidade.

Foi un bo estudante, normalmente de cualificacións moi altas, ou era o mellor ou o peor. Como anécdota véxase que en 5º de Bacharelato ó ir preguntar polas cualificacións, o Director díxolle que tiña un 10 en Francés e nada máis. Sáquese a correspondente conclusión. En 6º repetiu a trasnada e suspendeu todo en xuño por latar o máis do tempo e perder a escolaridade. En setembro aprobou dun golpe o curso enteiro. Non volveu suspender na vida.

Ía substituír ao seu pai cando era preciso á Escola Unitaria de Rivela. Nunca quixo preparar a Oposición porque non quería marchar e porque o soldo era mínimo.

No ano 1957, entra en CORAL DE RUADA.

Fixo o Servizo Militar voluntario en Ourense dende 1959 ata 1961. Estando na "mili", formou parte do Liceo de Arte de Ourense na Zarzuela "Jugar con fuego".

DEPUTACIÓN OURENSE



Xerardo cos seus pais, Xerardo e Leonor, e a súa dona Hortensia
Foto: Arquivo de Xerardo Gómez

DEPUTACIÓN OURENSE

Despois traballou uns meses en Begano (Coca-cola). Logo empezou a traballar na "Panadería Chaparro", da que era propietaria súa familia (pai e tíos).
Hai un lapso duns 5 meses, nos que marchou a Suiza, a Lausanne, a probar fortuna, de onde volveu desencantado. Á volta, comezou a traballar na Panadería a petición de seu pai, para desempeñar o cargo de xerente da mesma.
Casou o 11 de xaneiro do 1964 con Hortensia en Santa Mª de Amarante, ós 23 anos, despois de 2 anos de noivos, como era de rigor. Desta unión, naceron 4 fillas: Mercedes, que formou parte da sección infantil da Coral De Ruada e pasou despois a ser coralista ata que se casou; Montserrat, que tamén formou parte da Coral infantil e da Asociación de Danza da mesma; Araceli e Leticia.
Católico e practicante convencido dende neno ata principios dos anos 70. De aí para adiante, Xerardo defínese como agnóstico. Sempre foi galeguista e republicano.
Ó ano de casarse e ó tempo de traballar na



Foto da voda de Xerardo e Hortensia
Foto: Hijos de Godás de Arriba
Arquivo de Xerardo Gómez



Foto de familia
Foto: Arquivo de Xerardo Gómez

Panadería Chaparro, foi Axente de Seguros Ocaso. Hortensia non traballaba fóra da casa e todo cumpría para pagar o aluguer e comer. Aproveitando os coñecementos do ramo, colleu a representación de fariñas e, máis adiante, de legumes e do azucre Ebro, compatibilizando isto co traballo na Panadería. Ó pechar a Panadería (ano 1982-1983) seguiu uns anos coas mesmas representacións. No 1987 empezou coa distribución de lévedo por mediación da azucreira Ebro (o lévedo "Cinta Roja" era propiedade de Ebro). No 1994 principiou coa distribución de masas conxeladas (baguettes, croissants e demais bolaría). No 2004, enfermou e deixou todo.
Compatibilizaba o traballo co estudo do Francés (ano 1981 ata 1986) na "Alianza Francesa". Aprobou o "Diplôme de Langue" e "Diplôme Supérieur de Langue", ambos da "Alliançe Française de Paris" e tamén os 4 cursos que había entón da Escola Oficial de Idiomas, por libre, claro. E, por suposto, coa Coral De Ruada, súa xoíña.

### Afeccións

Aparte da música, que merecerá capítulo aparte, Xerardo, como tódolos rapaces do seu tempo, xogou no colexio Cisneros ó fútbol, balón man, balón volea e, aínda que pareza incrible, ó baloncesto. Máis tarde, comezou a practicar outros deportes, dos coñecidos como minoritarios ou atípicos, nos que acadou un gran nivel:
BILLAR: No ano 1958, foi campión Provincial Xuvenil, título que aínda ostenta porque non houbo máis campionatos xuvenís. Despois foi varias veces campión Provincial e de Galicia en distintas especialidades. Deixou de competir no ano 1994.
XADREZ: Formou parte do equipo do Liceo de Ourense e participou en distintos Campionatos de España. Este Equipo do Liceo foi campión Provincial varias veces.
TUTE: Campión individual de tute e por parellas nos Xogos Sociais do Liceo de Ourense, alá polo ano 1990.
Tamén é un gran lector, tendo preferencia polos temas de Historia, Filosofía, Astrofísica e, por suposto, Música.



Nun campionato galego de billar en Vigo.
Ao fondo, de pé, o billarista vigués Soliño e,
sentado, o ourensán Maria Fábrega
Foto: Pacheco (Vigo). Arquivo de Xerardo Gómez

### Primeiros pasos na Música

Excelente melómano, ten unha colección de máis de 3.000 discos de xéneros tales como clásica, jazz, folk… O disco que menos escoitou, fíxoo unas dez veces. Unha excorista dixo "A Música é el". Con esta precisa e preciosa definición xa un ve que para este home a Música é paixón e amor incondicional e eterno, amante da que xamais se cansa. Coido que non hai moita xente que teña tantos coñecementos de musicoloxía coma Xerardo.
Dende neno tivo relación coa Música. Na casa había gramófono, todo un privilexio, con discos de lousa, e xa escoitaba a Enrico Caruso, Tito Schipa, Celia Gámez, Conchita Panadés, Carlos Gardel, Emilio Sagi Barba, Tita Rufo e Miguel Fleta, o seu favorito, entre outros e toda clase de música. Con 7 e 8 anos sentábase na beirarrúa e pasaba horas cantando, "dándolle a lata a todo dios". Como anécdota, a seguinte: cando tiña 7

DEPUTACIÓN
OURENSE



Con Carlos Núñez e a súa dona
Foto: Arquivo de Xerardo Gómez

anos ía veranear a Pontevedra á casa duns parentes e, ás noites, pedíanlle que cantara; Xerardo cantáballes a "Mi aldea" (unha romanza da Zarzuela "Los Gavilanes"), pero cantaba dende o corredor porque lle daba vergoña.

Ó morrer o avó (tiña Xerardo 11 anos), regaláronlle á avoa un tocadiscos para "microsurco" e con este aparato aprendeu de memoria as Zarzuelas que había na casa, que eran as seguintes: "Marina" de Arrieta, "Los Gavilanes" e "La Rosa del Azafrán" de Jacinto Guerrero e "La Parranda" de Francisco Alonso. Aínda as sabe hoxe. Xa daquela aprendeu varias arias de Ópera que cantaba ó mesmo tempo có disco e no mesmo ton, co lecer ou calvario que suporía para a veciñanza. Entre elas "E lucevan le stelle" da "Tosca" de Puccini. E tamén, como non podía ser menos, cancións líricas tales coma "Amapola", "Princesita", "A la orilla de un palmar", "Quiéreme mucho"…

## Preferencias musicais

Ópera, de autores como Puccini, Verdi, Mozart, Donizeti, Wagner, etc. Todo tipo de música coral clásica, sobre todo a do barroco e, por suposto, Mozart. No tipo instrumental sinte un amor especial polo piano, de Chopin. Ten escoitado os nocturnos infinidade de veces, sobre todo os interpretados polo eximio pianista Arthur Rubinstein. É un apaixonado da música medieval.

## O seu percorrido polo mundo do canto

Empezóu a cantar a dúo con Carlos Núñez (o pai do gaiteiro), con 14 ou 15 anos, nas Misións. Despois, tamén a dúo, cunha moza, nas festas do Colexio.

Un alumno do Colexio Estudios Galicia, Pablo García del Villar, presentou a Xerardo e a Carlos Núñez no Orfeón Unión Orensana, dirixido polo mestre Basoco, Agrupación na que cantou perante dous anos (tiña 15 anos). Ó marchar o mestre Basoco, con 16 anos, entrou na Coral De Ruada (ano 1957), da man de "Barreira" (Antonio Barreira Gómez). Xogaban xuntos ó billar no Xesteira e, un bo día, ó saír de xogar, díxolle Barreira de ir ata a Coral De Ruada. Probáronos e xa non marcharon. Ó

DEPUTACIÓN OURENSE



Xerardo, no centro, con Xerardo Gómez García e Arturo Fernández Nóvoa en Bos Aires, en 1986
Foto: Arquivo de Xerardo Gómez

longo do tempo a Xerardo tentárono dende outras agrupacións corais, tanto de aquí coma do outro lado do Atlántico. Pero sempre permaneceu fiel a súa CORAL, á que nunca deixou, agás durante dous anos (de 1991 a 1993). Estivo en toda a primeira etapa de Manolo de Dios, ata que marchou. Empezou a ser solista con Manolo de Dios, no ano 1973. No 1976, no primeiro disco gravado pola CORAL, con Manolo de Dios, en "Discos Zafiro", Xerardo interpretou a canción "Ei de ir ó Montemaior". Conta Xerardo que, daquela, ensaiaban tódolos días da semana, incluídos os sábados, polo que o traballo se notaba e se conseguían uns pianos pianísimos. Sendo director Manuel de Dios, a CORAL interpretou varios espirituais negros.

Foi a primeira CORAL que cantou a Misa en Galego, na capela do Santo Cristo da Catedral, tódolos domingos ás 9 da mañá. Despois ían almorzar ben, non era para menos.

Dende o ano 1970 ata polo menos o 1986 (cando foron á Arxentina), había na CORAL grandes solistas femininas, tanto sopranos coma contraltos, así como grandes voces. A pesar de ter unha corda de sopranos do mellor de Galicia, nunha actuación no Mercantil de Vigo, dirixido por Rei Rivero, este díxolles: "Con esa corda de segundas vaise a calquera parte. A época dourada dos homes na CORAL foi nos anos 1957 a 1960. Despois decaeu porque uns marcharon ó estranxeiro, outros morreron…

Xerardo ostentou o cargo de Secretario da CORAL dende o ano 1970 ata o 1975 e dende o 1980 ata 1983. No 1989 marchou dous anos. Ó volver, no 1992, xa foi elixido directivo, ata a actualidade, con diferentes cargos. Foi Insignia de Prata Marcial del Adalid no ano 1997 e Insignia de Ouro co nomeamento de Corista de Honra no ano 2000. Para esta última concesión, ademais de cumprir os requisitos, deberon pesar cousas tales coma as seguintes: a súa nai morreu o 13 de maio do 1998 e, á semana seguinte, foi coa CORAL a Coimbra (Portugal); o 24 de decembro do 1999 enterrou a seu pai e, o día 26 foi cantar á Catedral coa CORAL; na última viaxe que se fixo con motivo dun ano Xacobeo, estivo moi afectado por unha gastroenterite aguda, pero el cantou igual.

Ademais de cantar en CORAL DE RUADA, no ano 1996 cantou con Teté Torre, acompaña-

DEPUTACIÓN OURENSE



Teté Torre, Pepe Vide e Xerardo Gómez nun recital lírico ofrecido no Liceo
Foto: Carmen Sáez. Arquivo de Xerardo Gómez

dos ó piano por Pepe Vide, tres pezas de "Katiuska", de Sorozábal, no Teatro Principal nunha gala a beneficio do Asilo de Anciáns. A partires de aí, deron varios concertos xuntos e, no ano 2001, formaron o "Trío Lírico do Liceo". Gravaron dous discos con arias, romanza e dúos de zarzuela e ópera, así como distintas pezas musicais, ata o ano 2005 en que, por diversos motivos, cesou a actividade deste "Trío Lírico".

Do 1991 ó 1993, cando deixou a CORAL DE RUADA, entrou na directiva do Liceo, desempeñando sempre o cargo de Director de Xogos, durante oito anos.

Foi tocado polas enfermidades gravemente, unhas producidas por estres e desgustos e outras non se sabe. No 2004, foi o corazón, un infarto ou amago de tal. No 2005, un ictus que lle afectou á parte do cerebelo deixándolle como secuela certa dificultade na pronunciación que él vai suplindo con traballo e esforzo, ademais de afectarlle por veces ó aparato locomotor. No 2006, nada máis chegar de Quimper, na Bretaña Francesa, descubríuselle un linfoma (cancro linfático), do que foi evolucionando satisfactoriamente ata o momento. Facendo o seguimento do cancro, tamén apareceu a "Enfermidade de Crohn", enfermidade crónica. Ausentouse da CORAL dous meses, só mentres estivo hospitalizado. Á semana seguinte de lle dar a alta foi cantar á Coral e cantou un solo, "Cantique de Noël" (Minut Chrétien). Ó día seguinte da primeira sesión de quimioterapia, cantou no Simeón "O Romance de Cerdedo".

**Solos de Xerardo na CORAL DE RUADA:**

***Música popular galega***

Pandeirada de Entrimo (Disco Zafiro e Edicións do Cumio), Foliada de Entrimo (Disco GaliNova), Foliada de Carballeda, Foliada de Amoeiro, Foliada de Luintra (Disco GaliNova), A Virxen do Portovello, Cantar de Arrieiro (Arre), Cantar de Arrieiro de Moaña (acompañado de zanfona, tocada por Emilio R. Portabales), Trullada da vendima, Trullada de Pontevedra.

***Polifonía***

Romance de Cerdedo (Disco Edicions do Cumio), Romance de Cerdedo (Disco GaliNova), Alalá de Canedo (arranxo e harmonización J.J. Rumbao) (GaliNova), Velai vai (Prieto-Arm. J.J. Rumbao), Señora



Representación de “O Cego da Xestosa”, na cerimonia de entrega do I Premio Xabier Prado “Lameiro”, 2010, no teatro Principal
Foto: erp. Arquivo da Coral De Ruada

(letra C. Emilio Ferreiro, harmonización J. María González) (cantado con María do Ceo), Cuarteto na Cantiga 65 de Alfonso X o Sabio (Disco GaliNova), Trullada da Vendima (F. Molina), Campanas de atardecer (Pop. Ruso-Jaroff), A nena da fonte, Meu Santiago (Canto de Chirimías), No Prado (A. Barja), Himno Galego (o 30 de xaneiro do 2008, no Teatro Principal de Ourense).

***De Nadal***

Rapaces e vellos (pop. A Peroxa, arr. J. María González), En el cielo de Oriente (P. Tirolés), Al niño Jesús (Virgili), Os Paxariños (Aurtxoa seaskan) (Pop. Vasco-Harm. J.J. Rumbao) (Disco GaliNova), Minuit Chretienne (Adam) (Versión en castelán e original, en Francés), Cuarteto Niño Dios de Amor herido, Noite de Nadal (Salgado Valdés).

***De música sacra***

Panis Angelicus (Cesar Franck), Ave María (L’abbé Meussy-Harmonización J.F. Vide), Oh Señor, ten piedade de nós (Popular Ruso-Harmonización e arranxo J.J. Rumbao), Ave María (Schubert), Canción composta por J. Maria González Álvarez sobre un texto de Rosalia de Castro para a voda de María Xosé Outeiriño, Plegaria (Álvarez), Aleluia (Xosé Ramón Estévez), Comfort ye (O Mesias-Händel), Ev’ry valley (O Mesias-Händel).

***Teatro***

“O cego da Xestosa”, de Xabier Prado “Lameiro” (Patricia Blanco Valdés, como Pascoa; Xerardo Gómez Gómez, como o cego e Emilio Rodríguez Portabales, acompañamento de zanfona, no teatro Principal de Ourense, o 17 de setembro do 2010 e o 22 de xuño de 2012).

## O meu retrato de Xerardo

Non quero facer só un panexírico de Chapi, non sería xusto nin obxectivo. Nin el o consentiría. Pero si é verdade que os grandes defectos que ten coma calquera ser humano quedan eclipsados polas inmensas virtudes que adornan a súa alma. Daquela non vou falar tanto dos seus defectos e si realzar as virtudes. Xa haberá quen remarque as fallas.
Nas conversas que mantivemos para argallar este retrato, atopeime fronte a unha persoa cunha intelixencia viva, áxil, esperta, sempre alerta, informada, actualizada e con ganas de aprender cada día, cunha mente aberta ós cambios. Optimista por natureza, nunca se rende ante os fracasos ou a adversidade.
É Xerardo un loitador nato, cunha capacidade de traballo desbordante. É esixente cos demais, pero tamén consigo. Á hora de traballar, é serio. Confía en si mesmo e nas súas aptitudes. Pero tamén é capaz de ver de lonxe quén ten aptitudes para algo e non dubida en potencialo, facéndolle crer en si, sempre que se lle responda con esforzo e seriedade.
Ten unha memoria de elefante, con tantos *megas* coma o ordenador máis potente da CIA, iso a pesares dos seus 70 aniños de nada. E todo está aí, todos os avatares da súa intensa vida. E da vida da Coral De Ruada. Con datas incluídas.
A súa armadura externa faino aparecer moitas veces coma un galo de pelexa. Ten arranques de xenio vivo cando se incomoda, pero non é nada rancoroso.
Irónico e cun sentido do humor só apto para expertos. Alegre, cunha risa sa e cantareira que contaxia a quen ten ó seu carón. Encántalle a troula, pasalo ben, divertirse.
Tamén, coma bo Leo, por veces parece o rei da selva. Outras veces parece un pavo real,

DEPUTACIÓN OURENSE

orgulloso de selo. Pero non o é por facer de menos a outros ou coa intención de chulear. É só que lle gusta o aplauso polo que fai ben. Parece que non ten asomo de humildade, pero si é humilde, xa que o pouco ou moito que consigue, faino perfeccionándose, estudando e traballando a esgalla.

Ó rabuñar un pouco na masa que cubre a fachada, ábrese un oco por onde, case sen que el queira, deixa ver a auténtica esencia de si mesmo. E é aí onde se esconde o núcleo de Xerardo.

É un home cunha sensibilidade fina coma o cristal. Tenro, delicado, culto, educado, detallista. As bágoas anegan seus ollos ó recordar a un amigo, os seus fracasos, ou ante a pena de calquera. El di que é porque é vello.

A xenerosidade forma parte de si mesmo. É nobre, confiado. Intenta ser xusto e equitativo.

Sabe pedir perdón aínda que lle custe facelo con verbas e recoñecer seus erros. Sabe dar a razón cando outro a ten.

Bo conversador, dialogante. Nunca é aburrido falar con el pois é capaz de disertar de calquera tema e escoitar a quen lle fala. Gústalle confrontar distintas opinións.

A forza de vontade, o amor pola vida, arrancárono das garras da morte, sempre loitando por vivir.

Atopei a un home que se fixo a si mesmo, mellor ou peor, con miles de fracasos ó lombo, pero tamén con brillantes vitorias.

Atopei a alguén cunha alma grande e fermosa. Tan grande e fermosa coma a súa voz que tantos anos ten regalado á Coral De Ruada, a súa Coral. Quérea tanto que, cando fala dela, trémenlle os cementos todos e derrétese coma o azucre.

Espero que nos sigas regalando a túa presenza e a túa voz moitos, moitos anos.

**Agradecementos:**

Primeiro, a Álvaro, por darme a oportunidade de cubrir a solicitude para intentar cumprir un soño, levarme da man e confiar en min (mellor dito, en nós, porque o pack era de dúas e non era divisible).

Agradecer á Coral o acollemento e o deixarme cantar ó seu carón.

A Emilio, porque sen saber nada de min, tivo fe. Grazas tamén polo tempo que dedicaches na montaxe, corrección, etc.

A Barreira, polos libros que me prestou, auténticas xoias, e, tanto a él como a Xerardo (o outro tenor), por regalarme un tempo e uns datos preciosos para o meu retrato.

E, por suposto, GRACIAS con maiúscula ó protagonista. Por poñer toda a súa vida nas miñas mans e confiar cegamente en mín.

DEPUTACIÓN OURENSE



Gerardo Gómez nun solo durante o concerto dos Amigos 2011, no Teatro Principal
Foto: Eva Domínguez. Arquivo da Coral De Ruada

# Actividades
## *ano 2010*

### 3 de xaneiro

A Coral De Ruada desprazouse ata o edificio multiusos do Concello de San Cristovo de Cea para ofrecer o Concerto de Reis. Foi recibida polo Alcalde da localidade, José Luis Valladares, que fixo a presentación da Coral ante o público que enchía a sala, gabando os moitos éxitos acadados por De Ruada. Respondeulle o noso presidente, Eladio Quevedo Almoina, que lembrou os noventa anos da Coral e a súa traxectoria.A Coral ofreceu íntegro o mesmo programa do Nadal interpretado o pasado día 29 de decembro na catedral de Ourense, recibindo fervorosos aplausos.

### 4 de xaneiro



Concerto de Reis na Ponte
Foto: rqv/erp

Coral De Ruada non perde a tradición e, como é habitual, ofreceu o Concerto de Reis na igrexa de Santiago das Caldas, no barrio da Ponte. Fixo a presentación do concerto ante o numeroso público asistente, José Manuel Fernández Sobrino, veciño da Ponte, periodista e membro da Xunta de Goberno de Coral De Ruada, quen resaltou a categoría artística de De Ruada e os seus máis recentes éxitos como a recente xira por terras andaluzas de Sevilla e Córdoba. O programa elixido para esta actuación, patrocinada pola Concellería de Cultura e coa colaboración da parroquia de Santiago das Caldas, estivo composto por panxoliñas e cantos do Nadal de diversos países europeos. Entre os temas encóntranse cancións de Schnabel, Mendelssohn, Händel e varios populares galegos.

### 6 de xaneiro

O Bispo de Ourense, Luís Quinteiro Fiúza oficiou na Catedral, co gallo da festividade dos Reis Magos, unha Misa solemne, acompañado do Cabido Catedralicio. Coral De Ruada que foi a encargada de cantar a Misa, incluíu no programa algunhas panxoliñas do seu repertorio. Esta actuación na Catedral, xunto coa de San Martiño, débese ó acordo de colaboración asumido pola Coral co Deán da Catedral, Serafín Marqués. Con esta intervención na Catedral, coa de San Cristovo de Cea e coa de Reis na igrexa da Ponte, a Coral remataba as festas de Nadal e Reis do 2009-10 e comezaba o novo ano con desexo e ánimos de seguir traballando arreo no eido musical.

DEPUTACIÓN OURENSE

## 2 ao 5 de febreiro

Durante os días 2, 3, 4 e 5 de febreiro, Televisión de Galicia realizou unha serie de gravacións á CORAL DE RUADA para o programa “Alalá” que dirixe Senén Bernárdez e presenta Pilar García Rego, que se emite os martes ás 21,40 horas e que ten moita audiencia.

## 20 de febreiro

Os membros da CORAL celebraron a súa tradicional Asemblea Xeral. No transcurso da mesma analizáronse aspectos do funcionamento da CORAL, as actividades levadas a cabo o pasado ano e as previstas para o ano 2010. Eladio Quevedo Almoina, presidente DE RUADA, cualificou o pasado ano como moi positivo para a CORAL. “Foi un gran ano porque tivemos moitas actividades”. O ano 2010 preséntase case igual de activo. DE RUADA ten xa previstas actuacións que a levarán por distintas cidades de España e Europa. Co gallo do Ano Xacobeo, a CORAL fará unha peregrinación musical desde Cáceres pola Ruta da Prata con concertos na cidade estremeña, en Salamanca, Zamora e Santiago de Compostela. CORAL DE RUADA participará ademais no festival intercéltico de corais que se celebrará en Avilés e iniciou contactos para viaxar coa súa música a Barcelona, Hungría e Toulouse. A todo isto hai que engadir os concertos que se darán ao longo do ano en Ourense e outros lugares de Galicia. Por outra banda, a CORAL DE RUADA organizará o Festival Internacional de Coros “De Ruada” no que participarán formacións de Galicia, e de fóra do noso país. Así mesmo, Eladio Quevedo explicou que un dos obxectivos da CORAL para os próximos 3 anos debe ser conseguir que de forma oficial a Deputación de Ourense ceda á CORAL DE RUADA os locais nos que se encontra desde o ano 1986, situados no Ático do Teatro Principal, xa que todo o patrimonio da CORAL, no caso hipotético de que se disolvese pasaría a Institución provincial. Tivo palabras de eloxio para o novo director, Xoán Antón Vázquez Casas, quen a súa vez felicitou aos coralistas pola boa acollida e colaboración na súa andaina de adaptación.

Unha vez rematada a Asemblea Ordinaria, pasouse a celebrar a Asemblea



Celebración das Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria
Fotos: rqv/erp



Cea con “bautizo dos neófitos” e moitas cantigas
Fotos: erp

DEPUTACIÓN OURENSE

Extraordinaria que reelixiu a Eladio Quevedo Almoina como presidente. Tamén se procedeu a elixir a nova xunta directiva, da que forman parte dez coralistas. Pendente de concretar as funcións de cada un deles, a nova xunta quedou formada da seguinte maneira: *Presidente*: Eladio Quevedo Almoina. *Membros elixidos polos coralistas*: Emilio Rodríguez Portabales, Jesusa Varela García, Manuel Ángel Sánchez Pérez, Carmelo Jesús Hernández Morán, María Belén Vázquez Lamela, Manuel Souto Prieto, Ana María Herrero Prieto, Gerardo Gómez Gómez, Luis Ángel Fernández Iglesias e Camilo Villanueva Valdés. *Membros natos:* Xoán Antón Vázquez Casas (director) e Álvaro Iglesias Montes (subdirector). *Membros non coralistas:* Samuel Lago Fernández, José Manuel Fernández Sobrino e Juan Luís Saco Cid.

Despois, os membros da Coral e achegados déronse cita no restaurante San Miguel para a cea anual de confraternización na que non faltaron os cantos, bo humor e o “bautizo” dos recen incorporados á Coral, incluído o director.

### 11 de marzo

O presidente da Deputación, Xosé Luís Baltar visitou á Coral De Ruada durante o tempo de ensaio. Chegou acompañado polo presidente da Coral, Eladio Quevedo Almoina e por Samuel Lago, vicepresidente segundo. Dado que nas recentes exposicións, con motivo do 90 aniversario, foi imposible mostrar ao público todos os obxectos que compoñen o patrimonio artístico da Coral, Eladio Quevedo considerou oportuno invitar ao presidente da Deputación a ver ”in situ” toda a riqueza artística que a Coral foi acumulando durante estes 90 anos. Xosé Luís Baltar, gran amigo e protector da Coral, observou detidamente todo, amosando a súa satisfacción polo que estaba a ver e as explicacións pormenorizadas que lle daban. Compartiu uns momentos cos coralistas, gastando as súas bromas de sempre. Escoitou algunhas interpretacións coas que o agasallou a Coral, entre elas Ourense ó lonxe, a súa canción favorita, que aplaudiu a rabiar.

### 16 de marzo

A TVG emitiu o programa “Alalá” que dirixe Senén Bernárdez e presenta Pilar García Rego. No programa, dedicado exclusivamente a nosa Coral, puidéronse ver distintas entrevistas realizadas a membros da Coral, ensaios, fotografías, libros, revistas, unha actuación gravada no paraninfo do IES “Otero Pedrayo”, etc. O programa ALALÁ foi moi ben acollido pola audiencia, recibindo tódolos coralistas moitas felicitacións.

### 17 de maio

Un ano máis, Coral De Ruada foi invitada a participar nos diferentes actos culturais que se celebran en Vilanova dos Infantes co gallo da tradicional Festa Raigame que reúne a moito público procedente de diferentes puntos da nosa xeografía. A Coral cantou a Misa que celebrou na Igrexa Parroquial o párroco da localidade, Adolfo Álvarez Méndez. Concelebraron con el un misioneiro salesiano e Adolfo Zon irmán da nosa compañeira coralista Laura Zon, que compartiron a homilía na que nos contaron as súas experiencias como misioneiros e fixeron fincapé no valor e na importancia do respecto á diversidade cultural, social e relixiosa e salientaron a fala do galego como sinal de identidade de Galicia e da nosa condición de galegos. A continuación, a Coral ofreceu un breve concerto para todos os asistentes.

### 19 de maio

Presentación do Premio Xabier Prado “Lameiro”. Deste acto dáse máis información na sección <<PREMIO XABIER PRADO “LAMEIRO”>>.

### 22 de maio

Coral De Ruada cantou a misa que se celebrou ás 8 do serán na Igrexa dos Salesianos, co gallo da celebración da novena a María Auxiliadora, formando parte dos actos organizados con motivo dos 150 anos da fundación da congregación salesiana e dos 100 anos da súa presencia na cidade de

DEPUTACIÓN OURENSE

Ourense. Ao remate fomos agasallados cuns "pichos" na cafetería do colexio, que compartimos co párroco, D. José María, con D. Fernando e membros do coro parroquial.

## 30 de maio

A asociación Bela Auria nace en Ourense coa intención de crear unha festa de recreación histórica situada nos comezos do pasado século, dende os inicios até a guerra civil. Nesta primeira ocasión, a modo de experimento, situouse nos xardíns do Posío e no instituto Otero Pedrayo. É unha festa que cadra de cheo coa época en que naceu a CORAL DE RUADA e na que tivo xa grandes éxitos en Galicia, España e América, polo que, naturalmente, quixo estar presente nestes inicios da nova festa. A CORAL ofreceu un concerto no paraninfo do instituto Otero Pedrayo e despois participou nunha comida campestre no xardín do Posío, entre os monumentos a Xabier Prado "Lameiro", un dos seus fundadores, e Valentín Lamas Carvajal.

## 16 de xuño

CORAL DE RUADA celebrou no Teatro Principal o seu xa tradicional "Concerto dos Amigos", que nesta ocasión entrañaba a circunstancia especial de que era o primeiro concerto dos amigos no que a CORAL DE RUADA actuaba dirixida polo novo director, Xoán Antón Vázquez Casas. Desta maneira a nosa histórica agrupación coral quixo agradecer ós seus Amigos e seguidores o interese que amosan polo seu traballo cada ano e dunha maneira especial nesta efemérides. A CORAL agasallou ó público cun amplo e selecto repertorio de composicións populares galegas e tamén da polifonía galega. Hai que destacar dúas novidades neste concerto: a participación do grupo de baile da CORAL que bailaron a Danza de Xuvencos e a Cantiga de Cego interpretada e dramatizada polo coralista, Raúl Cachaldora, recuperando así o baile e a representación teatral que en tempos formaba parte das actuacións de CORAL DE RUADA. Os amigos da CORAL gozaron co concerto ofrecido e premiaron o noso traballo con prolongados e sinceros aplausos. Cada vez son máis os que nos seguen fielmente en cada unha das nosas actuacións. Durante o concerto, o secretario da CORAL, Manuel Souto, leu o acordo da acta da Xunta de Goberno da CORAL DE RUADA na que se acorda, en aplicación dos estatutos, a concesión de condecoracións para algúns membros da nosa histórica CORAL, e homenaxes para antigos coralistas, amigos, e seguidores da CORAL DE RUADA: Insignia de prata e diploma de Coralista de Mérito a D. Álvaro Iglesias Montes pola súa xenerosa dedicación á CORAL DE RUADA durante un tempo superior ós 12 anos, tal como establece o artigo 41, apartados b) e e) dos vixentes Estatutos da CORAL e homenaxes aos excoralistas: Samuel Sequeiros Selas e Antonio Gómez Gómez. Nun lugar destacado estiveron presentes entre outras autoridades, o Presidente da Deputación, José Luís Baltar, a Concelleira de Cultura, Isabel Pérez. Ao final do concerto, o Presidente de CORAL DE RUADA dirixiuse aos asistentes para agradecerlles a súa presencia e reclamou o apoio das institucións para CORAL DE RUADA. Pola súa parte a





Participación en Bela Auria: concerto no paraninfo do IES Otero Pedrayo e xantar nos xardíns do Posío
Fotos: Miguel Ángel Picho e erp

DEPUTACIÓN OURENSE



Distintos momentos do Concerto dos Amigos da Coral De Ruada
Fotos: rqv/erp



Concesión da Insignia de Prata e o diploma de Coralista de Mérito ao coralista e subdirector Álvaro Iglesias Montes.
Homenaxe aos coralistas Antonio Gómez Gómez e Samuel Sequeiros Selas
Fotos: Villar

DEPUTACIÓN OURENSE

Concelleira de Cultura tivo palabras de louvanza para o traballo que está a levar a cabo a CORAL e fíxolle un agasallo.

## 19 e 26 de xuño

**Día 19**: Primeira sesión do IV Certame Internacional de Coros "De Ruada coa participación do Coro Apóstol Santiago de Vigo e a Coral Isidoriana de León.

O Coro Apóstol Santiago de Vigo naceu en Vigo no ano 1994 impulsado polo padre Emilio Vega, superior da Comunidade de xesuítas do Colexio Apóstol Santiago, asumindo a dirección o mestre Rimas Zdanavicius que paso a paso conduciu acertadamente o coro dende as súas orixes ata os nosos días. Está composto por 50 voces mixtas acadando moitos éxitos durante estes anos. A Igrexa de Santa María Nai, que foi o escenario deste IV Certame Internacional de Coros, estaba ateigada de público que premiou con calorosos aplausos a interpretación do amplo e variado programa que nos ofreceron.

Despois da actuación do Coro Apóstol Santiago de Vigo, actuou a Coral Isidoriana de León. En novembro de 1962, D. Felipe Magdaleno Bausela funda a Coral Isidoriana, na Real Colexiata de San Isidoro. Inicialmente foi un coro de voces graves e a partir de 1964, converteuse en agrupación coral mixta, dedicándose a interpretación da música sacra e a recuperación de composicións de música popular do antigo Reino de León. Aparte dos concertos, a coral participa nas celebracións litúrxicas da Basílica, sobre todo nos tempos de Nadal e Semana Santa. En 1983 morreu o seu fundador e a coral inicia unha nova etapa co actual director Teodomiro Álvarez García. Tivo unha extraordinaria actuación moi aplaudida polo numeroso público que enchía o recinto de Santa María Nai.



IV Certame Internacional de Coros “De Ruada”: actuación do Coro Apóstol Santiago de Vigo
Fotos: erp



IV Certame Internacional de Coros “De Ruada”: actuación da Coral Isidoriana de León
Fotos: erp

DEPUTACIÓN
OURENSE



IV Certame Internacional de Coros “De Ruada”: actuación da Coral Polifónica de Berres (A Estrada)
Fotos: erp



IV Certame Internacional de Coros “De Ruada”: actuación da Coral Polifónica de Viana do Castelo (Portugal)
Fotos: erp

**Día 26**: Segunda sesión do IV Certame Internacional de Coros "De Ruada" coa participación da Coral Polifónica de Berres (A Estrada) e a Coral Polifónica de Viana do Castelo (Portugal).

A Coral Polifónica de Berres naceu en 1999 por iniciativa dun grupo de veciños da parroquia de Berres do concello da Estrada, Pontevedra. Desde entón son moitos os concertos ofrecidos por esta coral en Galicia, Asturias e Portugal. Baixo a dirección de Diego Neira Sinde, interpreta todo tipo de música. Na súa intervención recibiu moitos aplausos do público que enchía o recinto.

A Coral Polifónica de Viana do Castelo foi funda en novembro de 1966 polo musicólogo Sr. Padre Braz, facéndose cargo da dirección artística o Padre Dulcinio. Dende entón foron moitas as actuacións en Portugal, España e na República Checa. A coral interpreta pezas de notables compositores medievais, música sacra, profana, espirituais negros. Filipe Pinto é o director e Susana Gonçalves subdirectora e solista.

## 20 de xuño

Como é tradicional, Coral De Ruada reuniu aos seus Amigos en Oseira para conmemorar a súa primeira presentación ante o público ourensán o día de San Xoán de 1919. O primeiro acto foi a Misa cantada pola Coral e oficiada polo Cóengo da Catedral de Ourense, Miguel Ángel González, e o misioneiro ourensán destinado en Brasil, Adolfo Zon, irmán da coralista soprano Raquel Zon. Ao remate da Misa, a Coral interpretou "Las ruínas del monasterio" e o "Himno a Oseira", con letra do coralista gaiteiro, Xosé Antón Laxe Martiñán, e música do ex director, J.J. Rumbao Requejo, co que agasallou de maneira especial a os numerosos Amigos que enchían a Igrexa. O Vicepresidente Primeiro da Coral, Emilio Rodríguez Portabales, presentou ós asistentes o "por qué" da nosa Romaría e a Misa que comezaba, con especial recordo para os coralistas falecidos ó longo deste último ano: Manuel de Dios que foi director da coral durante máis de 30 anos, María Teresa Rodríguez, ex coralista, actualmente era presidenta do Lar Galego de Sevilla, Victorino Núñez, ex presidente da Deputación, amigo da Coral; todos eles ostentaban ademais condecoracións da Coral. Durante a celebración da Misa, o Presidente da Coral, Eladio Quevedo Almoina, acompañou ó Presidente da Deputación, José Luís Baltar que se sumou a nosa festa, Ambos ocuparon un lugar destacado na Igrexa.



Misa no Mosteiro de Oseira
Foto: svg

Despois da Misa, houbo unha comida popular na carballeira, ó pé do río e á sombra, na que non faltaron o polbo, pan de Cea, viño e refrescos ofrecidos pola Coral, e outras viandas de cada quen. A festa foi moi concorrida; estivo animada polos cantos de tódolos asistentes, acompañados polo grupo instrumental da propia Coral e máis unha charanga.

Este encontro serve para compartir os ruadistas cos seus Amigos e agradecerlles o apoio prestado durante todo o ano.



Xantar e cantigas na carballeira de Oseira
Fotos: Xerardo Gómez e rqv/erp

DEPUTACIÓN OURENSE

## 24 de xuño

A Coral De Ruada ten un novo número da súa revista na rúa. A edición, que vai polo número 8, foi presentada na Deputación, que é a que a patrocina. A revista recolle unha reportaxe sobre Alexandre Bóveda, descubrindo a súa faceta de coralista, que segundo o autor do traballo, Xoaquín Vales, comezou no Orfeón Unión Ourensana. Consta ademais con outras colaboracións e as seccións habituais. Estiveron presentes membros da Xunta de goberno, coralistas e amigos da Coral.

## 29 de xuño

é nado en Allariz. Invitado polo presidente da Coral, Eladio Quevedo Almoina, firmou no libro de honra da Coral.

## 3 de xullo

Coral De Ruada participou cos seus cantos na celebración do matrimonio entre Mauel Souto Herrero (fillo dos tamén coralistas Manuel Souto e Ana Herrero), que se celebrou no altar maior da Catedral de Ourense. Oficiou o párroco de Santa Eufemia, D. Manuel Mera, amigo dos noivos. O noivo, Manuel Souto Herrero, recibiu á súa prometida, interpretando coa gaita irlandesa a peza popular irlandesa Stratherrick.



Gravación da Foliada murmuradora no paraninfo do IES Otero Pedrayo
Fotos: rqv/erp

No Paraninfo do IES "Otero Pedrayo", Coral De Ruada gravou a "Foliada marmuradora" da que é autor o grupo Treixadura. Esta cantiga, que tamén foi gravada polos outros tres Coros Galegos Históricos (Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, Cántigas da Terra da Coruña e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela), formará parte do próximo traballo discográfico de Treixadura que levará por título "Esa si que é muiñada" e que pechará a tetraloxía iniciada co CD "Unha noite no muíño".

## 1 de xullo

O popular presentador e cantante da TVG, Xosé Manuel Piñeiro, visitou á Coral De Ruada, solicitando a súa presencia para acompañar algunha canción que el vai a interpretar no programa de TVG, na noite do 24 de Xullo, co gallo da festa do Santiago Apóstolo. De Ruada agasallouno interpretando a Foliada da Rabeda, xa que el

## 24 de xullo

O día 24 de xullo pola noite, véspera da festividade do Santiago Apóstolo, Patrón de Galicia, e por conseguinte,véspera do día grande de Galicia, Coral De Ruada participou na espectacular gala televisiva que a TVG, da man do veterano presentador, Xosé Ramón Gayoso, transmitiu para Galicia e máis alá das nosas fronteiras. Se Piñeiro manifestou previamente que era un auténtico luxo contar coa colaboración de Coral De Ruada, nos tamén podemos dicir que non foi menos para De Ruada estar invitada nun evento tan significativo como foi a Gala dos 25 anos da TVG.

Primeiro, a Coral De Ruada compartiu escenario con Xosé Manuel Piñeiro, presentador de TVG, na interpretación de "Preciso de ti", que soou grandioso no Palacio de Congresos de Santiago nesa noite máxica previa ó gran Día de Galicia. Esta canción foi composta por Piñeiro fai quince anos na

DEPUTACIÓN OURENSE

casa da súa amiga Ana Kiro, unha canción de agradecemento a moita xente por permitirlle facer o que sempre quixo. Despois a Coral tamén actuou co grupo de gaiteiros “Treixadura” -e cos Coros Galegos Históricos Real Coro Toxos e Froles de Ferrol e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela na interpretación da “ Foliada Marmuradora”, con letra popular e música de Paulo Nogueira. As dúas interpretacións foron un rotundo éxito das que puideron gozar os moitos espectadores presentes no Pazo de Congresos e os que seguiron a gala desa noite a través da Televisión Galega.

## 25 de xullo

A Coral De Ruada acudiu o día 25 de xullo á localidade pontevedresa da Guarda onde ofreceu un concerto a partir das 21,00 horas nunha carpa instalada no porto, totalmente repleta de público. Actuou despois da coral anfitriona, a Polifónica da Guarda. Ofreceu un variado repertorio do seu arquivo que foi moi aplaudido, rematando coa interpretación, xunto coa coral da Guarda de “O voso galo, comadre”, de Miguel Groba. O presidente da Coral, Eladio Quevedo, que recordou a súa relación coa Guarda onde veranea desde sempre, recibiu o agasallo do alcalde da Guarda, en recordo da nosa visita.

## 26 de xullo

O luns, 26 de xullo, ás 12 horas tivo lugar na fermosa Igrexa de Santiago das Caldas unha Misa na honra de Santa Ana e de San Xoaquín. Un acto litúrxico coñecido como “a Misa dos maiores”, xa que nela réndese homenaxe a tódalas persoas que teñen unha idade madura. Nesta ocasión a Eucaristía foi cantada pola Coral De Ruada cun repertorio preparado e adecuado para esta celebración. Algo que sen dúbida axudou a embelecer a celebración da Misa. Oficiou a Eucaristía o Párroco, Francisco Pernas. Estiveron presentes, o Alcalde Francisco Rodríguez; o Subdelegado do Goberno, Camilo Ocampo; o Presidente da Deputación, Xosé Luís Baltar e varios concelleiros do Concello de Ourense.

## 17 de setembro

Acto de homenaxe a Xabier Prado “Lameiro” e concesión do premio que leva o seu nome. Deste acto dáse máis información na sección <<PREMIO XABIER PRADO “LAMEIRO”>>.

## 3 de outubro

A Coral De Ruada ofreceu un concerto no teatro Rosalía Castro da Coruña dentro do “VI Ciclo de Coros Históricos Galegos ”, organizado polo coro Cantigas da Terra daquela cidade. A Coral De Ruada compartiu escenario co grupo “Fas que fas teatro” da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, e co coro anfitrión.

DEPUTACIÓN OURENSE



Concerto na vila pontevedresa de A Guarda
Foto: rqv/erp

## 4 de outubro

Como manda a tradición, co gallo da celebración do día dos Santos Anxos Custodios, patróns da Policía Nacional, a Catedral de Ourense acolleu a tradicional Eucaristía que foi oficiada polo Deán da Catedral, Serafín Marqués. A asistencia foi multitudinaria, xa que foron moitos os ourensáns que non quixeron perderse a cita. Os primeiros bancos foron ocupados por altos cargos, xefes e membros do corpo da Policía Nacional, Policía Local, Garda Civil, Política e Xudicatura, así como numerosos familiares e amigos dos membros da Policía. A Misa foi cantada pola Coral De Ruada que deleitou ós presentes con varios temas igual que un grupo de gaiteiros da Real Banda da Deputación Provincial.

## 24 de outubro

A Coral De Ruada participou nas XI xornadas de Danza e Música tradicionais galegas 2010, organizadas por Interfolk, patrocinadas pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que contou coa colaboración de Caixanova. Tiveron lugar no Teatro Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova de Vigo, o día 24 de outubro ás 17 horas. A Coral De Ruada compartiu escenario cos seguintes grupos: Asociación Folclórica Corisco; Lembranzas Galegas; O Tarabelo da Escola Municipal de Danza. O acto contou con moita afluencia de público que premiou con prolongados aplausos as diferentes actuacións dos grupos participantes, dunha maneira especial a actuación da Coral De Ruada. Ao rematar da nosa actuación, o Tenente Alcalde de Vigo agasallou ós grupos participantes cun recordo conmemorativo da nosa participación.

## 30 de outubro

Pola mañá, unha ampla representación institucional da Coral De Ruada participou nas xornadas inaugurais do "Día de Nós", que pretenden iniciar unha serie de actos de carácter anual para lembrar a tódolos intelectuais, ourensáns na súa meirande parte, que publicaron a revista Nós. Como entidade cultural que xa existía naquel intre, a Coral De Ruada forma parte da comisión organizadora.

DEPUTACIÓN OURENSE



Concerto no teatro García Barbón de Vigo
Foto: rqv/erp




Participación da Coral De Ruada no "Día de Nós"
Fotos: Xaquín Vales e rqv/erp

Por outra banda, durante os sábados do mes de outubro, e baixo o título de "Liturxia e Música Coral", a Comunidade dos Franciscanos en Ourense organizou a intervención de varios coros durante a celebración da Misa das 8 do serán co gallo do "Mes de San Francisco": o día 3 actuou o Orfeón Lucense, o 9 estivo a Capela Madrigalista de Ourense, o 16 foi o momento para o Orfeón do Carballiño, o día 30 puxo o colofón a este programa de "Liturxia e Música Coral", a Coral De Ruada que ofreceu un selecto repertorio de música relixiosa conforme a solemnidade do acto.

Presidiu a Misa D. Agustín Madarnás, recentemente homenaxeado na cidade pola Asociación de Mestres e Profesores, como exemplo de mestre e profesor, acompañado no altar por membros da Comunidade Franciscana. O Superior dos franciscanos foi facendo diversos comentarios referidos ás distintas partes da celebración e ó espíritu de San Francisco. Ao final os membros da Coral foron agasallados cuns pinchos e bebidas nun salón da Igrexa.

## 5 de novembro

O Ateneo de Ourense celebrou un acto de recoñecemento e homenaxe ao mestre, Amigo da Coral, Luis Taboada Camoeiras, falecido neste verán. Participaron Xosé Manuel Cid Fernández, representando á Universidade; Xosé Lois Carrión, dos Amigos da República; Xosé Ramón Gómez Cachaldora e María Soledad Gómez Besteiro como amiga do laureado. Unha neta de Taboada tamén quixo estar presente e dedicoulle unhas verbas ao seu avó. A homenaxe, sinxela pero moi sentida, foi coordinada polo presidente do Ateneo, Antón Fidalgo Santamariña, e concluíu coa actuación da Coral De Ruada.



Participación na homenaxe a Luís Taboada Camoeiras no Ateneo. Foto: rqv/erp

## 11 de novembro

A cidade de Ourense honrou ó seu patrón, San Martiño, como manda a tradición, coa Misa na Catedral pola mañá, e co magosto pola tarde. A cerimonia comezou coa procesión dos membros da Corporación Municipal desde a Praza Maior ata a Catedral. Xa na Igrexa, na Misa, o Alcalde, Francisco Rodríguez, realizou a ofrenda a San Martiño -un cadro de Felisa Otero e Manuel Vilariño- e pediulle ó Santo que "traballemos xuntos para que nesta cidade chegue o día en que non perdan sempre os mesmos". Pola súa parte o Bispo, Administrador Apostólico de Ourense, Luis Quinteiro Fiúza, advertiu de que "a nosa cultura e civilización poden estar en perigo

DEPUTACIÓN OURENSE

se non somos conscientes de que debemos ter valores", apostando polo "achegamento total" e o propio exemplo de San Martiño. A CORAL DE RUADA, como ven sendo habitual, foi a encargada de acompañar cos seus cantos a celebración da Misa que foi presidida polo Bispo-Administrador, Luis Quinteiro Fiúza e concelebrada polos cóengos da Santa Igrexa Catedral. O acto rematou coa solemne interpretación do himno a San Martiño.

Despois de cantar a Misa na Catedral, tamén nos reunimos para celebrar unha das festas máis tradicional do calendario. Un ano máis, CORAL DE RUADA organizou o magosto para os seus coralistas e familiares, que este ano celebrouse no restaurante Aixiña da cidade. Como é habitual, entre castaña e castaña, chupito e chupito, non faltaron as cantigas que nos caracterizan e identifican como CORAL DE RUADA.

## 20 de novembro

Dentro da programación de Caixanova, CORAL DE RUADA ofreceu un concerto na Igrexa Nova de Xinzo de Limia. O repertorio estivo composto por música popular e polifonía galega que foi moi aplaudido polo público que enchía a igrexa.

## 5 de decembro

A CORAL DE RUADA desprazouse ata Santiago de Compostela para cantar a Misa do Peregrino. Dirixida por Xoán Antón Vázquez Casas, comezou co fermoso e



Concerto na Igrexa Nova de Xinzo de Limia
Foto: Eva Domínguez

impresionante "Canto das chirimías", coa participación dos seguintes músicos: Luciano Pérez e Nuria Serrano, organistrum, Manuel Brañas, chirimía, Félix Castro, chirimía, Pancho Álvarez e Jesús Pérez Saburido, zanfonas, Cástor Castro, frauta de madeira, e Victoria Folgado, fagot. Como se pode apreciar, tratouse dunha interpretación histórica coa que DE RUADA e os músicos mencionados quixeron ofrecer un acto de homenaxe a Faustino Santalices no 50 aniversario do seu pasamento (finou o 6 de decembro de 1960).

## 18 de decembro

CORAL DE RUADA participou na inauguración do Belén de Maite Vázquez que tivo lugar na Catedral de Ourense, onde está exposto ó público durante estas datas de Nadal e Aninovo. Primeiro celebrouse unha Misa no altar maior, oficiada polo cóengo Miguel Ángel González e cantada pola CORAL coa asistencia dos membros da "Asociación de Belenistas". Logo, diante do



Misa do Peregrino na Catedral de Santiago
Fotos: erp e Cástor e Félix Castro Vicente

DEPUTACIÓN OURENSE

Belén e despois dunhas verbas de Miguel Ángel, De Ruada interpretou tres vilancicos.

## 29 de decembro

A Coral De Ruada ofreceu o seu tradicional “Concerto de Nadal 2010” no incomparable marco da Catedral de San Martiño repleta de público. Foi a edición nº 18 deste concerto, que se converte, ao lado do “Nacemento” do escultor Arturo  Baltar, nun dos referentes das festas de Nadal na cidade.

A Coral interpretou un fato de panxoliñas e cantos de Nadal e Reis de entre os máis fermosos da nosa tradición e da polifonía universal. O concerto estivo protagonizado por panxoliñas de música e poetas ourensáns moi vencellados a De Ruada: Manuel de Díos, Juan José Rumbao, Raúl Rodríguez Pazo, o noso director Xoán Antón Vázquez Casas, Gerardo Salgado Valdés, Serafín Gómez Pato, Víctor Campio, Serafín Marqués, Abelardo Santorum, Antonio Jaunsarás… As voces da Coral ensambladas coa beleza arquitectónica do templo formaron unha fermosa postal de Nadal para todos os ourensáns que acudiron ó evento, que foron moitos e premiaron con fortes aplausos cada unha das súas interpretacións.

Na presentación do programa do concerto, o Presidente da Coral De Ruada, Eladio Quevedo Almoina, recordou que neste ano que estamos a rematar, a Coral De Ruada organizou o IV Certame Internacional de Coros “De Ruada” dentro da programación das festas de Ourense, editou un novo número da súa revista, instituíu o premio Xabier “Prado Lameiro”, cantou a Misa do Peregrino en Santiago, o día 5 de decembro, oficiada polo Arcebispo, Julián Barrio, participou en varios programas de televisión e percorreu un gran número de vilas e cidades do noso país. Agradeceulle ó Neno a súa permanente tutela para coa nosa Coral e pediulle que nos siga a protexer no novo ano que comeza, para que poidamos seguir coas nosas numerosas actividades a pesar das dificultades que se nos presentan.

Nos primeiros bancos estiveron presentes o presidente da Coral, o Deán da Santa Igrexa Catedral, Serafín Marqués, o Presidente da Deputación, José Luís Baltar, a Concelleira de Cultura, Isabel Pérez, o delegado da Xunta, Rogelio Martínez, o subdelegado do Goberno, Camilo Ocampo, o Bispo de Astorga, o ourensán, Camilo Lorenzo, autores da música e letra dalgúns vilancicos.

O director da Coral, Xoán Antón Vázquez Casas, invitou ao seu predecesor na dirección, Juan José Rumbao Requejo  a dirixir Noite de luz, noite de paz. O concerto rematou co coa interpretación do coñecido *Adeste Fideles*, no que se invitou a participar a tódolos asistentes o acto. Ao final, o público agasallou á Coral con moitos e fervorosos aplausos.

DEPUTACIÓN OURENSE



Tradicional concerto de Nadal na Catedral de Ourense
Foto: svg

# Actividades
## *ano 2011*

### 4 de xaneiro

A Coral De Ruada despois do concerto de Nadal na Catedral, como é habitual desde fai anos, recibiu o 2011 con moita ilusión ofrecendo ós seus seguidores un concerto especial de reis na igrexa de Santiago das Caldas. Nesta ocasión, unha vez máis, De Ruada cantou panxoliñas e cancións do Nadal galegos e da polifonía universal, polo que recibiu moitos aplausos e felicitacións do numeroso público asistente que disfrutou da boa música nun marco incomparable. Despois do concerto, José Manuel Fernández Sobrino, veciño da Ponte, periodista e membro da Xunta de Goberno da Coral De Ruada, dirixiu unhas palabras ao público nas que lembrou a boa colaboración existente entre a Coral e A Ponte.

### 6 de xaneiro

O Deán da Santa Igrexa Catedral, Serafín Marqués, oficiou unha Misa solemne na festividade dos Reis Magos, acompañado do Cabido Catedralicio. Coral De Ruada que foi a encargada de cantar a Misa, incluíu no programa algunhas panxoliñas do seu repertorio. Esta actuación na Catedral, xunto coa de San Martiño, débese ó acordo de colaboración asumido pola Coral co Deán da catedral, Serafín Marqués. Con esta intervención na Catedral e coa de Reis na Igrexa da Ponte, a Coral remataba as festas de Nadal e Reis do 2010-11 e comezaba o novo ano con desexo e ánimos de seguir traballando arreo no eido musical.

DEPUTACIÓN OURENSE



Concerto de Reis na Igrexa de Santiago das Caldas
Fotos: rqv/erp

## 15 de xaneiro

Dentro da programación do concello de Coles, Coral De Ruada ofreceu un concerto no auditorio de Cambeo, baixo a dirección de Xoán Antón Vázquez Casas. O repertorio estivo composto por música popular e polifonía galega que foi moi aplaudido polo público que enchía o local. Fixo a presentación o alcalde da localidade. Ó final fomos agasallados cuns “pinchos”.



Concerto no Auditorio de Cambeo
Foto: rqv/erp

## 12 de febreiro

Os membros da Coral celebraron a súa tradicional Asemblea Xeral Ordinaria. No transcurso da mesma analizáronse aspectos do funcionamento da Coral, o orzamento, as actividades levadas a cabo o pasado ano e as previstas para o ano 2010. No apartado de rogos e preguntas os coralistas expuxeron e aportaron ideas para o bo funcionamento da Coral. Eladio Quevedo Almoina, presidente de De Ruada, cualificou o pasado ano como moi positivo para a Coral e comentou a posibilidade de que se faga unha viaxe a Nuevayork para o ano 2012. Coral De Ruada organizará o V Festival Internacional de Coros no que participarán formacións de Galicia, e de fóra do noso país. O vicepresidente, Emilio Rodríguez Portabales, tivo palabras de eloxio para o director, Xoán Antón Vázquez Casas, quen a súa vez felicitou aos coralistas pola súa colaboración.

Rematada a asemblea, os coralistas e familiares trasladáronse ás instalacións de “Aixiña” para compartir a cea nunha fermosa velada de confraternización, animados polo grupos instrumental da Coral e polos cantos de tódolos coralistas

## 4 de marzo

A Coral De Ruada participou na solemne gala do popular programa Luar que facía o número 800, durante 19 anos de emisión, levados da man do prestixioso presentador José Manuel Gayoso. Foi unha actuación conxunta dos tres coros históricos de Galicia, Coral De Ruada de Ourense, Cántigas da Terra da Coruña, Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela co grupo Treixadura, na que os coros interpretaron coas súas voces a “Foliada marmuradora”, da que é autor Paulo Nogueira, do grupo Treixadura A súa interpretación resultou apoteótica.

DEPUTACIÓN OURENSE



“Bautizo dos neófitos” na cea da Asemblea Xeral
Fotos: erp

## 17 de maio

Coral De Ruada foi invitada a participar un ano mais  nos diferentes actos culturais que se celebran en Vilanova dos Infantes co gallo da tradicional Festa Raigame que reúne a moito público procedente de diferentes puntos da nosa xeografía. A Coral cantou a Misa que celebrou na Igrexa Parroquial, o Párroco da localidade, Adolfo Álvarez Méndez, e a continuación ofreceu un breve concerto para todos os asistentes.

## 20 de maio

No IES Julio Prieto Nespereira tivo lugar a celebración da graduación dos trinta alumnos que cursaron  e acabaron o segundo curso de bacharelato. Para dar máis realce a este acto contaron coa presenza da Coral De Ruada baixo a dirección de  Xoán Antón Vázquez Casas. A Coral, ademais do *Gaudeamus Igitur*, ofreceu un breve pero selecto programa. A súa intervención foi moi aplaudida. O acto contou coa presencia de J.J. Rumbao Requejo, profesor do centro, e anterior director de Coral De Ruada, que dirixiu “Airiños, airiños, aires” por invitación do actual director da Coral, X.A. Vázquez Casas. Ao remate do acto, a Coral compartiu unha merenda-cea cos alumnos, familiares e profesores, na cafetería do centro.

## 21 de maio

Coral De Ruada cantou a Misa que se celebrou ás 8 do serán na Igrexa dos Salesianos, co gallo da celebración da solemne novena a María Auxiliadora. A Misa foi concelebrada polos Padres Salesianos que forman a comunidade relixiosa e o templo estaba cheo de fregueses entre os que había moitos antigos alumnos salesianos.

## 26 de maio

A Coral De Ruada organizou un festival benéfico para apoiar o labor de Cáritas. O acto tivo lugar no Teatro Principal. Contou coa presenza dos grupos Brañas Folk, Castro Floxo, Escola de Música Tradicional de Ourense, Aula Gomes Mouro e  a propia Coral De Ruada que puxo o colofón a tan significativo acto. Tódolos grupos interpretaron o mellor dos seus repertorios e recibiron moitos aplausos polo seu bo  facer. Abriu o concerto o grupo Brañas Folk que acompañou á Coral De Ruada na interpretación do “Millo verde” de J. Afonso, idea do coralista Eduardo Balvís que tamén pertence a Brañas Folk como baixista. Ao final, Eladio Quevedo, presidente da Coral De Ruada,  subiu ó escenario, acompañado dos representantes dos outros grupos participantes para agradecer a todos a súa asistencia e colaboración prestada. A suma do importe de cada persoa, cinco euros, foi destinada integramente á entidade social. Ademais, aqueles que non puideron asistir, contaban coa posibilidade de colaborar con Cáritas mediante a adquisición das “Entradas da fila  0”.

## 5 de xuño

A Coral De Ruada ofreceu un concerto no emblemático Círculo das Artes de Lugo, que contou co patrocinio da Fundación Novaciaxagalicia. Previamente os coralistas fixeron un pequeno desfile entre o Concello de Lugo e o Círculo das Artes, precedidos polo seu grupo instrumental, que foi moi aclamado polo público das beirarrúas. Durante a actuación ofreceron un variado programa de música popular galega a base de foliadas, pandeiradas, trulladas, alalás etc. Polo que recibiron numerosos aplausos. O Presidente da Coral, Eladio Quevedo amosoulle ó publico a satisfacción da Coral por actuar en Lugo despois duns vinte anos sen facelo. Pola súa banda a



Concerto no Círculo de las Artes de Lugo
Foto: rqv/erp

DEPUTACIÓN OURENSE



V Certame Internacional de Coros "De Ruada": actuación de Cántigas da Terra da Coruña
Fotos: erp



V Certame Internacional de Coros "De Ruada": actuación do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol
Fotos: erp

DEPUTACIÓN OURENSE

Concelleira de Cultura felicitou á Coral pola súa actuación, lembrando a súa afección pola nosa música galega desde os seu tempos como locutora de radio, animándonos a seguir polo camiño do estudio e difusión da música tradicional galega. A concelleira e o Presidente da Coral intercambiáronse agasallos como recordo da nosa visita a Lugo.

## 12 e 18 de xuño

**Día 12**: Primeira sesión do V Certame Internacional de Coros "De Ruada" coa participación dos Coros Galegos Históricos Cántigas da Terra da Coruña e Real Coro Toxos e Froles de Ferrol. O concerto levouse a cabo no Teatro Principal que rexistrou unha gran entrada de público que aplaudiu con moito entusiasmo as diferentes actuacións dos dous coros que interpretaron exclusivamente música popular galega que fixeron as delicias dos asistentes.

**Día 18**: Segunda sesión do V Certame Internacional de Coros "De Ruada" coa participación dos grupos Coral Polifónica Estradense (Pontevedra) e Coro da Cidade de Vila Real (Portugal). Tivo lugar na Igrexa de Santa Eufemia do Centro, que se encheu para presenciar este concerto. A actuación dos dous grupos foi moi aplaudida por todo o público.

## 18 de xuño

Un pouco antes da celebración da segunda xornada do V Certame Internacional de Coros "De Ruada", a Coral De Ruada cantou a Misa do solemne funeral de aniversario que se celebrou na parroquia de Cristo Rei de Ourense por D. Victorino Núñez, Medalla de Ouro e Presidente Honorífico da



V Certame Internacional de Coros “De Ruada”: actuación da Coral Polifónica Estradense
Fotos: erp



V Certame Internacional de Coros “De Ruada”: actuación do Coro da Cidade de Vila Real
Fotos: erp

DEPUTACIÓN
OURENSE

Coral De Ruada e Expresidente da Deputación de Ourense e do Parlamento Galego.

## 19 de xuño

Como é tradicional, Coral De Ruada reuniu a tódolos seus amigos en Oseira para conmemorar a súa primeira presentación ante o público ourensán o día de San Xoán de 1919. O primeiro acto foi a Misa cantada pola Coral e oficiada por un monxe do convento. Ó comezo da Misa, Emilio Rodríguez Portabales, vicepresidente primeiro da Coral, deu a benvida a tódolos asistentes, e puxo baixo o patrocinio de Santa María o traballo levado a cabo durante este curso, lembrando as principais actividades levadas a cabo e recordando ós



Ambiente festivo na carballeira de Oseira
Fotos: erp



Ambiente festivo na carballeira de Oseira
Fotos: erp

falecidos durante o último ano. Trala Misa houbo unha comida popular na carballeira, ó pé do río e á sombra, na que non faltaron o polbo, pan de Cea, viño e refrescos ofrecidos pola Coral, e outras viandas de cada quen. Este ano a festa tamén foi moi concorrida; estivo animada polos cantos de tódolos asistentes, acompañados polo grupo instrumental da propia Coral e máis unha charanga. O encontro serve para compartir os ruadistas cos seus Amigos e agradecerlles o apoio prestado durante todo o ano.

## 24 de xuño

Tradicional concerto dos Amigos da Coral De Ruada no teatro Principal, que tivo que colgar o letreiro de "Non hai entradas". De Ruada ofreceu pezas populares galegas, cantigas galegas para piano e piano e solista (actuando como pianista Irma Fernández Alonso e como solista Gerardo Gómez Gómez), da autoría do mestre Vide (pasodobre Ourense) e de Xoán Antón Vázquez Casas (Na chegada a Ourense da primeira locomotora, con letra de Curros Enríquez), polifonía galega con pezas de Raúl Rodríguez Pazo (Camiña Don Sancho), F. Mompou (Cantiga de Santa María nº 100), Manuel de Dios (Afife) e Xoán Montes (Negra sombra) e cantigas da polifonía universal. Tamén houbo unha parte de música instrumental a cargo do noso grupo de música tradicional.

Como xa é tradicional, aproveitamos a ocasión para homenaxer a coralistas, excoralistas e Amigos da Coral. Neste caso concedéuselle o diploma de Coralista Distinguido aos coralistas seguintes: Lourdes Rodríguez Mira, Carlos Álvarez Expósito e Gerardo Gómez García. Homenaxeouse ao matrimonio de excoralistas formado por María Berta Gómez Álvarez e José Manuel Blanco Lorenzo. Homenaxeouse tamén ao Amigo da Coral Antonio Muñiz Sosa e ao expresidente do coro irmán Cántigas da Terra da Coruña, ex delegado en Galicia do Festival Intercéltico de Lorient, Geranio Torreiro Antón.

Este concerto constituíu un grande éxito como se puido comprobar polas grandes ovacións recibidas polo público ao remate do mesmo.



Distintos momentos do Concerto dos Amigos da Coral De Ruada
Fotos: Eva Domínguez

DEPUTACIÓN OURENSE



Mª Berta Gómez Álvarez, J. Manuel Blanco Lorenzo, Antonio Muñiz Sosa e Geranio Torreiro Antón recibindo un agasallo conmemorativo de mans do presidente da Coral De Ruada, Eladio Quevedo Almoina
Fotos: Eva Domínguez



Os coralistas Lourdes Rodríguez Mira, Carlos Álvarez Expósito e Gerardo Gómez García recibindo o diploma de Coralista Distinguido de man do presidente da Coral De Ruada
Fotos: Eva Domínguez

DEPUTACIÓN OURENSE

## 24 de xullo

A Coral De Ruada participou no programa especial que a TVG ofreceu, na programación de noite, con motivo do Día de Galicia, conducido polo veterano presentador Xosé Ramón Gayoso. A Coral De Ruada interpretou a "Pandeirada de Falván". Ademais participou, xunto co grupo de gaiteiros pontevedrés *Treixadura*, na interpretación da "Foliada marmuradora".

## 26 de xullo

No día dedicado a San Xaquín e Santa Ana, a Coral De Ruada cantou a Misa dedicada aos avós, na Igrexa de Santiago das Caldas do populoso barrio de A Ponte que se atopaba en plena celebración das súas tradicionais festas de Santiago.

## 10 de setembro

Despois dunhas merecidas vacacións, A Coral De Ruada retomou a súa actividade ofrecendo unha magnífica actuación na Igrexa de San Miguel do Campo, Nogueira de Ramuín, onde foron os encargados de poñer a música durante a celebración dos actos relixiosos que se celebraron na honra da nosa Señora do Carpazal. Alí os fregueses gozaron das marabillosas voces dos integrantes do coro, que unha vez máis ganaron a admiración do público. Finalizada a Misa, ofreceron unha audición na que os veciños e visitantes escoltaron algunhas das mellores pezas do seu repertorio cheas de moita emoción. Recibiron moitos e prolongados aplausos. Despois a Coral foi obsequiada cun merecido xantar na carpa da festa a base de pulpo, empanada, churrasco, doces e viño do pais. Non faltaron as cantigas acom-



Distintos momentos da Misa, Concerto e xantar en San Miguel do Campo
Fotos: rqv/erp

pañadas pola grupo instrumental da propia Coral. Acompañaron á Coral o Presidente, Eladio Quevedo Almoina e o Vicepresidente segundo, Samuel Lago, acompañado da súa dona, por medio de quen se concertou esta actuación. Tódolos asistentes regresamos moi satisfeitos da nosa actuación e do trato recibido pola comisión de festas.

## 3 de outubro

Como manda a tradición, co gallo da celebración do día dos Santos Anxos Custodios, patróns da Policía Nacional, a Catedral Basílica de Ourense acolleu a tradicional Eucaristía que foi oficiada polo Deán da Catedral, Serafín Marqués. A asistencia foi multitudinaria, xa que foron moitos os ourensáns que non quixeron perderse a cita. Os primeiros bancos foron ocupados por altos cargos, xefes e membros do corpo da Policía Nacional, Policía Local, Garda Civil, Política e Xudicatura, así como numerosos familiares e amigos dos membros da Policía. A Misa foi cantada pola Coral De Ruada.

## 9 de outubro

A Coral De Ruada ofreceu un concerto no teatro Rosalía Castro da Coruña dentro do "VII Ciclo de Coros Históricos Galegos ", organizado polo coro Cántigas da Terra daquela cidade. A Coral De Ruada compartiu escenario co grupo Os Melidaos e cos organizadores do Ciclo de Coros Históricos, Cántigas da Terra da Coruña. Previamente ao concerto, os tres grupos participantes, desfilaron polo Cantón Grande, onde os camiñantes se detiñan para contemplalo. Os moitos asistentes ao concerto e amantes da música e folclore galegos, premiaron con fervorosos aplausos cada unha das intervencións dos coros históricos.

## 20 de outubro

A Deputación de Ourense serviu de escenario para a presentación do Nº 9 da nosa revista que conmemora o noventa aniversario da Coral De Ruada. Presidente e Vicepresidente da Coral, Eladio Quevedo e Emilio Rodríguez Portabales, presentaron a publicación, nun acto que tamén contou coa presenza de José Luis Baltar, Presidente da Deputación. Este ano a publicación quere tamén homenaxear ó que fora, durante máis de 30 anos, o seu director, Manuel de Dios, xa falecido. O responsable da publicación, Emilio Rodríguez Portabales, explica como recollen momentos tan especiais como a concesión á Coral da Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario". Tamén se da conta do relevo na dirección artística, que desempeña Xoán Antón Vázquez Casas trala dimisión de Juan José Rumbao




Presentación do n.º 9 da nosa revista
Foto: sr/erp

DEPUTACIÓN OURENSE

Requejo. A publicación, que conta co apoio da Deputación, ten unha tirada de 600 exemplares e distribuirase gratuitamente entre os coralistas, prensa, institucións e bibliotecas.

## 20 de outubro

Xa pola tarde, a Coral De Ruada foi invitada a poñer o colofón cos seus cantos na inauguración do curso académico 2011-12 da UNED que tivo lugar no Centro de Desenvolvemento de Caixa Nova na Avenida de Pontevedra. O acto contou coas intervencións dos seguintes profesores e autoridades: Prof. Dr. D. Julio Prada Rodríguez, Secretario do Centro Asociado; Prof. Dr. D. Fermín E. Pérez Losada, Profesor Titular de Arqueologia da Universidade de Vigo e Titor da UNED – Ourense; D. Antonio Conde Fernández, en representación dos novos titulados; D. Jesús Vázquez Abad, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria; D. Francisco Rodríguez Fernández, Alcalde de Ounrense e Vicepresidente do Consorcio do Centro Asociado da UNED; D. José Luis Baltar Pumar, Presidente da Deputación e Presidente do Consorcio do Centro Asociado da UNED en Ourense; D. Antonio Fernández Fernández, Vicerrector de Centros da UNED. Despois da entrega de diplomas a unha representación de alumnos que remataron os seus estudios, actuou a Coral De Ruada, rematando o acto coa interpretación do himno universitario "Gaudeamus Igitur".



Na inauguración do curso 2011-12 da UNED
Foto: rqv/erp

## 26 de outubro

Coral De Ruada participou na Eucaristía de Acción de Gracias que se celebrou ás 8 do serán na Catedral de Ourense, pola canonización de Santa Bonifacia Rodríguez de Castro, fundadora das "Siervas de San José". Oficiou a Misa, o Vicario Xeral da Diocese, D. José Estévez Armada, acompañado no altar por D. Serafín Marqués, Deán da Santa Igrexa Catedral Basílica de Ourense e outros cóengos do cabido catedralicio, párrocos e cregos. Entre o público asistente encontrábase algunha autoridade educativa.

## 27 de outubro

Acto de entrega do II Premio Xabier Prado "Lameiro". Deste acto dáse máis información na sección <<PREMIO XABIER PRADO "LAMEIRO">>

## 30 de outubro

A Coral De Ruada sumouse ó programa de actividades en conmemoración de NÓS, que organizou a "Asociación-Comisión pro Centenario de NÓS 2020" que se levou acabo na nosa cidade desde o día 24 de outubro até o día 3 de novembro de 2011. Coral De Ruada cantou a Misa, que se celebrou ás 20 horas do serán, na igrexa dos PP Franciscanos. Ao comenzo da Misa, o Vicepresidente Primeiro da Coral, Emilio Rodríguez Portabales, pronunciou unhas verbas de lembranza, e homenaxe para os compoñentes da Xeración NÓS.

## 5 de novembro

Tamén nos reunimos para celebrar unha das festas máis tradicional do calendario. Un ano máis, Coral De Ruada organizou o magosto para os seus coralistas e familiares, que se celebrou no restaurante Aixiña da cidade. Como é habitual, entre castaña e castaña, "chupito" e "chupito", non faltaron as cantigas que nos caracterizan e identifican como Coral De Ruada. Foi un día de lecer que serviu para compartir mesa, cantos e amizade entre tódolos coralistas e seus familiares.

DEPUTACIÓN OURENSE

## 11 de novembro

A cidade de Ourense honrou ó seu patrón, San Martiño, como manda a tradición, coa Misa na Catedral pola mañá, e co magosto pola tarde. A cerimonia comezou coa procesión baixo a chuvia dos membros da Corporación Municipal, desde o Concello ata a Catedral, precedidos da música da Banda Municipal e facendo o recorrido inverso ó finalizar a Eucaristía, excepto os concellais do BNG e os de Democracia Ourensana. Xa na Igrexa, na Misa -cantada pola Coral De Ruada-, o Alcalde, Francisco Rodríguez, realizou a ofrenda a San Martiño -unha escultura de Toni Ferrer-. Na súa intervención ante o Patrón dixo que "é tempo de indignarse a favor da transparencia e contra os corruptos". Nas súas verbas tamén houbo lugar para esperanza con "proxectos longamente esperados". Por último fixo un chamamento "a facer causa común". Rematou pedíndolle ó Patrón " que volva o látigo de Xesús contra os mercadores". " Non se constrúe unha sociedade máis xusta recortando os dereitos dos que nada teñen, senón a oronda barriga dos que todo acumulan". Pola súa parte o Bispo, Administrador Apostólico de Ourense, Luis Quinteiro Fiúza, advertiu de que "Ourense ten que verse reflectido en colectivos como a Xeración NÓS que foi un faro de luz", e apostando, sobre todo, polo propio exemplo de San Martiño.



Celebración do Magosto
Fotos: erp

DEPUTACIÓN
OURENSE



Misa do San Martiño
Foto: Villar

## 26 de novembro

Por segundo ano consecutivo, Xinzo de Limia foi sede do festival de coros de música popular, Coralimia, organizado pola asociación cultural Aimil Folk. Atraídos por agrupacións de primeiro nivel, foron moitas as persoas que se deron cita na igrexa parroquial nova de Santa Mariña para gozar dos sons envolventes da Coral De Ruada, do grupo Quatro Ventos de Portugal e do Coro Aimil de Xinzo, que fixeron vibrar de emoción a tódolos asistentes. Durante o concerto, os integrantes da Coral De Ruada, dirixidos polo seu director artístico, Xoán Antón Vázquez Casas, interpretaron cancións populares e polifónicas galegas, acompañadas polo seu propio grupo instrumental. Recibiron moitos aplausos.



Fotografía da Coral De Ruada ao pé da Ponte Vella
Foto: Mani Moretón

Os tres coros compartiron despois mesa e cancións nunha cea que tivo lugar nun céntrico restaurante de Xinzo resultando unha velada moi animada. Festival e cea contaron coa presenza de Xosé Lois Foxo, director da banda de gaitas da Deputación de Ourense, acompañado pola súa dona.

## 4 de decembro

O día 4 pola mañán, Coral De Ruada desprazouse deica a beira do Río Miño, na súa marxe dereita, ao lugar coñecido polo Muiño, onde realizou a gravación de "Foliada murmuradora", "Foliada da Rabeda" e "Alalás de Taboadela e Ourense", que se emitirán pola TVG nun programa das festas de NADAL, conxuntamente co grupo Treixadura e no que tamén participaron os outros Coros Galegos Históricos.

Previamente, o prestixioso fotógrafo ourensán Mani Moretón, por expreso desexo do presidente, Eladio Quevedo Almoina, fixo unhas fotos da Coral nun lugar tan emblemático e pintoresco do río Miño e da cidade de Ourense.

## 12 de decembro

O salón de actos da Casa Parroquial da Ponte acolleu desde as 20 horas un festival cheo de humor e música como inicio das celebracións do Nadal. Polo escenario foron pasando personaxes coñecidos da vida pontina aos que se uniron representantes da Coral De Ruada. Unha cita que animou e quentou os motores para todos os festexos que se aveciñan. No festival houbo dúas intervencións dos coralistas, Raúl Cachaldora Fernández, acompañado á zanfona e gaita irlandesa por Emilio Rodríguez Portabales e Manuel Souto Herrero, respectivamente, que interpretaron Cantar de Cego e Canto de Arrieiro. Despois o turno foi para o tenor solista da Coral De Ruada, Xerardo Gómez Gómez, que actuou acompañado ó piano polo director da Coral, Xoán Antón Vázquez Casas e que interpretou as seguintes obras: "Calor de Nido", de "Katiuska", con intervención dialogada da coralista contralto Ana María Herrero Prieto; "No puede ser", de La Tabernera del Puerto" e a canción napolitana "O sole mio". Como fin de festa, os ruadistas asistentes subiron ó escenario para entoar o vilancico Noite de Paz. Tódalas intervencións foron moi celebradas.

## 24 de decembro

Nesta noite tan especial, a TVG emitiu o programa "Isto si que é muiñada" na que

DEPUTACIÓN OURENSE

participaron os grupos Treixadura, Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela e a CORAL DE RUADA.

## 29 de decembro

A CORAL DE RUADA ofreceu o seu tradicional "Concerto de Nadal 2011" no incomparable marco da Catedral de San Martiño repleta de público. Foi a edición nº 19 deste concerto, que se converte, ao lado do "Nacemento" do escultor Arturo Baltar, nun dos principais referentes das festas de Nadal na cidade.

Nesta ocasión, a CORAL interpretou un fato de vilancico, panxoliñas e cantos de Nadal e Reis escolleitos de entre os máis fermosos da nosa tradición e da polifonía universal. O concerto estivo composto de panxoliñas de música e poetas ourensáns moi vinculados a DE RUADA: Manuel de Díos, Juan José Rumbao, Raúl Rodríguez Pazo, o noso director Xoán Antón Vázquez Casas, Gerardo Salgado Valdés, S. Gómez Pato, Víctor Campio, Serafín Marqués, Abelardo Santorum, Antonio Jaunsarás. As voces da CORAL ensambladas coa beleza arquitectónica do templo formaron unha fermosa postal de Nadal para todos os ourensáns que acudiron ó evento, que foron moitos e premiaron con fortes aplausos cada unha das súas interpretacións.

Na presentación do programa do concerto, o Presidente da CORAL DE RUADA, Eladio Quevedo Almoina, recordou que neste ano que estamos a rematar, a CORAL DE RUADA organizou o V Certame Internacional de Coros "De Ruada" dentro da programación das festas de Ourense, editou un novo número da súa revista, concedeu o <<II Premio Xabier "Prado Lameiro">>, participou en varios programas de televisión e percorreu un gran número de vilas e cidades do noso país. Agradeceulle ó Neno a súa permanente tutela para coa nosa CORAL e pediulle que nos siga a protexer no novo ano que comeza, para que poidamos seguir coas nosas numerosas actividades a pesar das dificultades que se nos presentan nestes tempos de crise. Tamén lles expresou o máis sincero agradecemento pola súa fidelidade e pola agarimosa acollida que nos dispensan ano tras ano.

Nos primeiros bancos estiveron presentes o presidente da CORAL, membros da Xunta de Goberno, e varios representantes das institucións ourensás.

O director da Coral, Xoán Antón Vázquez Casas, invitou ao seu predecesor na dirección, Juan José Rumbao Requejo a dirixir Noite de luz, noite de paz.

O concerto rematou co coa interpretación do coñecido *Adeste Fideles*, no que se invitou a participar a tódolos asistentes o acto. Ó final, o público agasallou á CORAL con moitos e fervorosos aplausos.



Concerto de Nadal na Catedral de Ourense
Foto: Merce L. Rubín

DEPUTACIÓN OURENSE

# A XUNTA DE GOBERNO INFORMA

## Composición da Xunta de Goberno

Na actualidade, a Xunta de Goberno da Coral De Ruada está formada por:

| | |
|---|---|
| *Presidente:* | D. Eladio Quevedo Almoina |
| *Vicepresidente 1º:* | D. Emilio Rodríguez Portabales |
| *Vicepresidente 2º:* | D. Samuel Lago Fernández |
| *Secretario Xeral:* | D. Manuel Souto Prieto |
| *Tesoureiro:* | D. Manuel Ángel Sánchez Pérez |
| *Interventor e arquiveiro:* | D. Carmelo Jesús Hernández Morán |
| *Director Artístico:* | D. Xoán Antón Vázquez Casas |
| *Subdirector Artístico:* | D. Álvaro Iglesias Montes |
| *Vogais:* | Da. María Belén Vázquez Lamela |
| | Da. Jesusa Varela García |
| | Da. Ana María Herrero Prieto |
| | D. Gerardo Gómez Gómez |
| | D. Luis Ángel Fernández Iglesias |
| | D. Camilo Villanueva Valdés |
| | D. José Manuel Fernández Sobrino |
| | D. Juan Luis Saco Cid |

## Coralistas

O cadro de coralistas actual é o seguinte:

***DIRECTOR ARTÍSTICO***
Xoán Antón Vázquez Casas

***SUBDIRECTOR ARTÍSTICO***
Álvaro Iglesias Montes

***SOPRANOS***
Patricia Blanco Valdés
María Elena González Iglesias
Ana María López Fernández
Fátima María Malingre Grande
Florita Outeiriño Fernández
Lourdes Rodríguez Mira
Luisa Rodríguez Nóvoa
Ángeles Soto del Río
Cristina Torreiro Sebastián

***CONTRALTOS***
Elisa Álvarez Cabo
Pilar Baltar Rodríguez
Ángeles Cofán del Río
Sandra María Doval González
María Gómez Cid
Ana María Herrero Prieto
Concepción López Fernández
María Isabel Pérez Martínez
María Blanca Taboada Montes
Jesusa Varela García
María Belén Vázquez Lamela

***TENORES (Primeiros e Segundos)***
Carlos Álvarez Expósito
Antonio Barreira Gómez
Raúl Cachaldora Fernández
Dositeo Fernández Fernández
Gerardo Gómez García
Gerardo Gómez Gómez
Francisco González Gamallo
Álvaro Iglesias Montes
Alfredo Pérez Vázquez
Pedro Miguel Leonardo Rodriguez F.
Emilio Rodríguez Portabales
José Rodríguez Suárez
Xaquín Vales Rodríguez
José Manuel Vázquez Rodríguez

***BARÍTONOS***
Juan José Alonso Merino
Luis Ángel Fernández Iglesias
Alfonso Fidalgo Conde
Manuel Rodríguez Rodríguez
Camilo Villanueva Valdés

***BAIXOS***
Eduardo Balvís Outeiriño
Juan Canal López
Antonio Graña González
Carmelo Jesús Hernández Morán
Baldomero Pazos Valdés
Julio Pérez Dorribo
Alfonso Rapela Sotelo
Manuel Ángel Sánchez Pérez
Manuel Souto Prieto

***INSTRUMENTOS POPULARES***
Antonio André Gabián *(gaita)*
Patricia Blanco Valdés *(percusión)*
Antonio Carrizo Cadaya *(percusión)*
José Corral Rivera *(percusión)*
Manuel Freire Pérez *(gaita)*
Desiderio Martínez Vila *(gaita)*
Manuel Souto Herrera *(gaita)*
Emilio R. Portabales *(zanfona e perc.)*
Óscar V. Fernández *(gaita e perc.)*

***ÓRGANO E PIANO***
Irma Fernández Alonso

## Actividade da Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno da CORAL DE RUADA realizaron múltiples xestións de todo tipo para que o funcionamento da institución se desenvolvese do mellor xeito posible. Neste sentido foron numerosas as entrevistas e intercambios de información realizados ante os responsables das distintas administracións públicas, relixiosas e privadas. Estas xestións permitíronnos asinar distintos convenios de colaboración que nos permitiron desenvolver o alto nivel de actividade que describimos en páxinas anteriores.
Ademais prestamos especial atención a outros temas, como pode verse a continuación.

## Biblioteca

Despois de moitos anos sen dispoñer dun inventario da nosa nutrida biblioteca, neste intre podemos dicir que xa está moi avanzado o proceso de inventario e informatización. Foi un intenso traballo realizado durante moitas semanas polos compañeiros Carmelo Jesús Hernández Morán e Carlos Álvarez Expósito, quen, ademais, construíu un andel para os libros de contido musical. Dende a Xunta de Goberno, moitas grazas a ámbolos dous polo seu xeneroso traballo.

## Partituras

Seguimos traballando na dixitalización de partituras. Arquívanse nos formatos PDF e Encore. É un labor que iniciara o anterior director, Juan José Rumbao Requejo, e que continúa de forma entusiasta o director actual, Xoán Antón Vázquez Casas. Tamén cómpre destacar neste apartado a importante colaboración de Carmelo Jesús Hernández Morán.

## Videoteca

Temos moitos vídeos procedentes de gravacións particulares, programas de televisión, etc. Estamos a dixitalizalos e inventarialos. Neste sentido é de agradecer a colaboración do Arquivo Sonoro de Galicia, do Consello da Cultura Galega.

DEPUTACIÓN
OURENSE

DEPUTACIÓN
OURENSE